Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 39127 (10/PNC-003139)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 39132 (10/PNC-003140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral existente no sector da elaboración de produtos do mar con procesos de refrixeración

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite e publicación

- 38702 (10/POP-004528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas aos prazos de construción, o orzamento, a dotación e o equipamento do Centro de Saúde de Bouzas, no concello de Vigo

- 38705 (10/POP-004529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as razóns da redución que presenta a nova industria láctea anunciada polo Goberno galego en setembro de 2016 no concello de Curtis

- 38706 (10/POP-004530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para fomentar na actualidade programas de investigación, desenvolvemento, innovación e tecnoloxía que faciliten a incorporación das empresas turísticas galegas á sociedade do coñecemento

- 38712 (10/POP-004531)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para minimizar os inconvenientes derivados da carencia dun segundo equipo no Punto de Atención Continuada de Ponteceso

- 38717 (10/POP-004532)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os resultados das mostraxes nos bancos de libre marisqueo realizadas no Bohío durante o mes de outubro

- 38730 (10/POP-004533)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao impulso da política de consolidación, promoción, difusión e protección da marca Artesanía de Galicia como imaxe única do sector artesanal galego

- 38732 (10/POP-004534)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis

Sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para reforzar e mellorar a formación dos traballadores do sector da automoción

- 38745 (10/POP-004535)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 6 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de incidir na sensibilización e prevención da instauración de estereotipos de xénero nos xoguetes

- 38751 (10/POP-004536)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia dos problemas que están a padecer as persoas usuarias da ruta de transporte escolar do CPI José García García, de Mende (Ourense)

- 38762 (10/POP-004537)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da dispoñibilidade polos consumidores da información axeitada para elixir o contrato e a tarifa de enerxía eléctrica mellor

- 38767 (10/POP-004538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgún tipo de inspección e control respecto do uso de lamas de depuración e as súas posibles consecuencias na sanidade das terras e das augas dos territorios onde se usan como fertilizantes

- 38778 (10/POP-004539)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a execución na actualidade, coa axilidade necesaria, dos trámites ambientais exixidos para os proxectos das explotacións gandeiras solicitantes de subvencións para plans de mellora

- 38783 (10/POP-004540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do funcionamento da Rede galega de atención temperá

- 38794 (10/POP-004541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre o mantemento pola Xunta de Galicia dalgunha xuntanza coa patronal do sector de elaboración dos produtos do mar e cos sindicatos, en relación coas dificultades existentes na negociación colectiva

- 38801 (10/POP-004542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas cos que se atopa o sector metalmeccánico en termos de competencia internacional

- 38806 (10/POP-004543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a presentación pola Xunta de Galicia dalgunha proposta na Conferencia Sectorial de Industria convocada polo Goberno central, que conta cun fondo de 870 millóns de euros para a reindustrialización

- 38809 (10/POP-004544)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos prazos establecidos no Plan MOVE 2009-2015 para o remate das actuacións relacionadas coa Área Metropolitana de Pontevedra, cun investimento de 10.860.000 euros e un horizonte temporal no ano 2015

- 38815 (10/POP-004545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da asunción das contías precisas para o cumprimento das sentenzas xudiciais referidas aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica de 2013

- 38817 (10/POP-004546)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia diante dos posibles efectos da transición enerxética nos concellos das Pontes de García Rodríguez e Cerceda

- 38819 (10/POP-004547)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as xestións que está a levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dunha proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

- 38820 (10/POP-004548)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do financiamento dun proxecto de residencia pública para persoas maiores en Boiro

- 38829 (10/POP-004549)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a situación da muller no medio rural

- 38837 (10/POP-004550)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 5 máis

Sobre a necesidade de aclaración e aplicación, o máis axiña posible, das medidas de minoración dos impostos anunciadas polo Goberno galego para a compra de vivenda habitual usada

- 38845 (10/POP-004551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «VAP alternativa á PO-531 Pontevedra-Vilagarcía, treito Curro-Baión (enlace coa N-640)»

- 38851 (10/POP-004552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da restitución da liña de autobús das 14,35 horas que prestaba o servizo Lugo-A Pobra de San Xiao-Láncara-Baralla

- 38923 (10/POP-004554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das interrupcións rexistradas entre os meses de xuño e setembro de 2018 no servizo sanitario do Centro de Saúde de Soutelo de Montes, no concello de Forcarei

- 38930 (10/POP-004555)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos prazos establecidos no Plan MOVE 2009-2015 para o remate das actuacións relacionadas coa Área Metropolitana de Ferrol, cun investimento de 36.135.000 euros e un horizonte temporal no ano 2017

- 38937 (10/POP-004556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o peche da factoría de Alcoa na Coruña e a perda dos postos de traballo

- 38948 (10/POP-004557)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rey Varela, José Manuel e 10 máis

Sobre o estado de tramitación do expediente para a declaración de Ferrol como cidade Patrimonio da Humanidade

- 38952 (10/POP-004558)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Sergas para a execución da sentenza xudicial referida ao concurso para a provisión do posto de xefe do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra

- 38958 (10/POP-004559)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «VAP Costa Norte, treitos Coruña e resto dos treitos»

- 38963 – 38990 (10/POP-004560)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da execución do Plan director para o proxecto de saneamento integral do concello de Lalín

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 38990.

- 38969 (10/POP-004561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos prazos establecidos no Plan MOVE 2009-2015 para o remate das actuacións relacionadas coa Área Metropolitana de Ourense, cun investimento de 66.613.050 euros e o horizonte temporal no ano 2017

- 38970 (10/POP-004562)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «Circunvalación de Ourense, treito Rairo-Bemposta-N-525»

- 38973 (10/POP-004563)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre a estratexia prevista pola Xunta de Galicia diante do anuncio por parte da dirección de Alcoa do peche da súa planta da Coruña

- 38976 (10/POP-004564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a notificación á Xunta de Galicia pola actual familia propietaria da pretensión de vender as estatuas de Abraham e Isaac, pertencentes ao Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela

- 38981 (10/POP-004565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da súa participación nunha mesa de diálogo, xunto coa Administración central, o Concello de Pontevedra e os colectivos interesados, para estudar o posible traslado de Ence fóra da ría de Pontevedra

- 38996 (10/POP-004566)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación coa xestión das axudas non executadas para a restauración de edificios, vivendas e construcións menores despois da vaga de lumes do ano 2017

- 39003 (10/POP-004567)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da non solicitude pola Comunidade Autónoma de Galicia, no ano 2017, do adianto dos fondos da Política Agraria Común

- 39004 (10/POP-004568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non dar resposta ás solicitudes da Comunidade de Montes do concello de Mondariz referidas á autorización de cortas nos montes sometidos a convenio

- 39030 (10/POP-004569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da continuidade dos grupos de emerxencia supramunicipal e o asinamento dos convenios para o seu financiamento e funcionamento

- 39064 (10/POP-004570)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre a opinión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional respecto da dependencia da prestación do servizo de comedor escolar da vontade dos centros educativos

- 39071 (10/POP-004571)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as medidas que vai aplicar o Goberno galego para garantir a autenticidade dos títulos universitarios expedidos

- 39072 (10/POP-004572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a solicitude da Fiscalía de Ourense para a citación como imputados de dous cargos da Consellería de Facenda por un presunto delito de acoso inmobiliario

- 39085 (10/POP-004574)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da proposta de creación dunha universidade privada en Galicia

- 39095 (10/POP-004575)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para evitar un novo descenso das capturas na campaña de libre marisqueo 2018-2019 na ría de Arousa

- 39104 (10/POP-004576)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas realizadas ou previstas pola Xunta de Galicia, diante da Comisión Europea e da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, en relación coa reforma do regulamento referido aos Fondos europeos do mar e da pesca, FEMP, e coa defensa da pesca artesanal galega

- 39111 (10/POP-004577)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para suspender o Programa de recollida de plástico agrícola

- 39116 (10/POP-004578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a incidencia do prezo da electricidade no peche de empresas en Galicia, como o de Alcoa na Coruña

- 39123 (10/POP-004579)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de peche da factoría de Alcoa na Coruña

- 39128 (10/POP-004580)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 5 máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para evitar o peche do centro de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa na Coruña

- 39135 (10/POP-004581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación laboral do persoal do sector da elaboración dos produtos do mar con procesos de refrixeración

- 39141 (10/POP-004583)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para reverter a situación que padecen as mulleres no referido á conciliación da vida familiar e laboral

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As pensións dignas son un elemento central da protección social e un dereito gañado pola clase traballadora que é obxecto de cobiza polo sector privado. A crise de 2008 e as políticas de “austeridade” impuxeron como directriz adelgazar o gasto público, abrindo campo de expansión do sector privado; gasto público do cal as prestacións sociais son unha parte fundamental.

A importancia das pensións en Galiza é indiscutible: falamos de 674.290 persoas - que chegarán a ser un millón antes de 2050- o 24,8% da poboación galega, e de 761.894 prestacións (xullo 2018).

Galiza é a segunda Comunidade Autónoma pola cola en importe das pensións, con 794,16 euros mensuais de media, que agocha que o 58% destas pensións está por debaixo do limiar da pobreza. A situación é aínda peor para as mulleres, que cobran 643,12 € ao mes de media, fronte á media de 1.003,9 € dos homes (setembro 2018).

No caso das pensións de xubilación, en Galiza hai 474.623, cun importe de 905,5 € de media (xullo 2018), cunha gran disparidade entre as provincias interiores (coas pensións máis baixas do estado) e as atlánticas.

Con estas pensións de miseria, as e os pensionistas galegos fixeron de colchón económico durante a crise e sostiveron a demanda interna (da que representan un 25%), xa que o 32,12% dos fogares galegos teñen as prestacións sociais como única fonte de ingresos e as persoas pensionistas elevaron un 25% o seu gasto en Galiza nos peores anos da crise para axudar a familiares sen ingresos.

A todas estas persoas pensionistas impuxéronselles recortes brutais, coas reformas das pensións de 2011, que endureceu as condicións de acceso ás pensións, e de 2013, que adiantou a aplicación do factor de sostibilidade a 2019, eliminando a actualización das pensións ao IPC e introducindo o factor de revalorización (opaco e arbitrario), que supuxo un brutal recorte da pensión inicial en relación co último salario e que suporía a conxelación das pensións, algo que xa se viviu en 2017, cando as pensionistas perderon case 2 puntos de poder adquisitivo.

A revalorización das pensións conforme ao custe da vida é un dereito recoñecido na Constitución e norma na maioría de países europeos; é a única garantía que teñen as persoas maiores de poder soste o seu nivel de ingresos durante toda a vida.

Fronte ás falacias neoliberais, hai que defender a evidencia científica da viabilidade social e económica dos sistemas públicos de pensións e un modelo social que considere o gasto en pensións un elemento central do Estado do Benestar e, por conseguinte, un dereito en si mesmo que non ten por que estar vinculado ao emprego. O “problema” das pensións non é de envellecemento da poboación –o aumento da esperanza de vida é unha conquista social e un avance para a Humanidade– senón de reparto desigual da riqueza.



Así mesmo, a Xunta debe defender os intereses das persoas emigrantes retornadas, que foron penalizadas cunha interpretación fiscal abusiva, e os dos mariñeiros xubilados que traballaron en buques noruegueses, que tras pagar impostos no país nórdico quedaron sen dereito á súa pensión.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Asumir a defensa do sistema público de pensións.
2. Dirixirse ao Goberno do Estado para que a actualización das pensións sexa conforme ao IPC real por lei.
3. Dirixirse ao Goberno do Estado para derrogar as reformas das pensións de 2011 e 2013, reducir a idade de xubilación, mellorar as condicións de acceso á pensión e, ademais de mecanismos de redistribución de riqueza (eliminación dos topes de cotización, mellora dos ingresos do sistema derivados das cotizacións e dos ingresos fiscais), introducir o financiamento vía impostos, a través dos orzamentos, blindando as pensións como unha prestación social fundamental.
4. Dirixirse ao Goberno do Estado para que se devolvan as sancións a emigrantes retornadas e se homologuen as súas pensións de incapacidade.
5. Dirixirse ao Goberno do Estado para que se persoe perante o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos para denunciar a discriminación por razón de nacionalidade que levou a cabo o Goberno de Noruega en materia de pensións cos mariñeiros do colectivo Long Hope.



Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 15/10/2018 09:43:38

Luis Villares Naveira na data 15/10/2018 09:43:47

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é unha das sociedades máis avellentadas do mundo (153,7 de índice de avellentamento, o que significa que por cada 100 persoas menores de 20 anos hai 154 de 65 e máis anos), situación que, por unha parte, enriquece a sociedade, e, por outra, aumenta a demanda de necesidades de coidados e de recursos públicos de atención, e tamén redunda no aumento da taxa de persoas dependentes e do número de persoas con demencias.

A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia recoñeceu uns dereitos que non se desenvolveron por falta de financiamento, deixando a milleiros de persoas agardando por prestacións.

En Galiza, o número de persoas dependentes con dereito recoñecido son 66.995 (agosto de 2018), das cales 9.388 aínda están en lista de agarda e non perciben ningunha prestación (14 %).

Pero, ademais, a enquisa estrutural a fogares, realizada polo IGE para o ano 2017 indica que hai 117.875 persoas que se declaran en situación de dependencia en Galicia, un 25,06% máis que en 2011, e que, destes, o 29,29% dos casos se



poden catalogar como gran dependencia. Asemade, a enquisa revela que aumentou o número de persoas que realizan tarefas de coidado de persoas dependentes, máis do 62% das cales son mulleres, fundamentalmente maiores de 45 anos, e un 30% das mesmas dedican máis de 70 horas á semana a esta tarefa. Ademais, segundo sinal a enquisa, case o 73% da poboación galega que se dedica a labores de coidado de persoas con dependencia tivo que reducir o seu tempo de ocio e as súas relación sociais ao comezar a desempeñar as ditas tarefas de coidado.

En canto á falta de servizos, a enquisa indica que máis de 53.000 persoas con dependencia precisan axuda a domicilio, pero que só o 44% a recibe, que se precisan máis coidados sanitarios especializados, transporte adaptado e máis prazas en centros de día.

Ademais, hai 13.442 persoas dependentes que viven soas e uns tres mil fogares formados unicamente por persoas con dependencia.

As persoas dependentes sofren prazos de agarda superiores aos que marca a lei (máximo 6 meses entre a valoración e a asignación dun recurso que están), o que fai que haxa quen falece sen a prestación, a escaseza de recursos públicos e baixa calidade dos mesmos.

En atención residencial, o Consello de Contas vén confirmar as análises de En Marea: Galiza é a CA con maior porcentaxe de prazas privadas sobre o total (67%) e a Xunta aumentou a porcentaxe das prazas concertadas sobre as xestionadas de xeito directo, aínda que lle sae un 8% máis caro. A lista de agarda para residencias de maiores no Programa de Asignación de Recursos situábase, en 2016, en 1.774 expedientes, elevándose a case 2000 persoas na actualidade, con prazos que superan os marcados pola lei.

Ademais, o Consello de Contas constata que a Xunta recortou en persoal de atención directa nos centros de maiores, pois sistematicamente non se cubriron as baixas médicas de curta duración nin os permisos, e as vacacións non se substituíron integramente, deteriorando gravemente as condicións laborais do persoal, aos que tamén se lle mantén suspendido o artigo 19 do Vº Convenio Colectivo, recortando o seu dereito ao descanso. Esta circunstancia provoca sobretraballo do persoal, que ten que priorizar tarefas e, consecuentemente, deteriora a atención ás persoas maiores e eleva o risco de accidentes tanto laborais como das persoas usuarias. De feito, Política Social acumula o 45% dos accidentes laborais da Xunta, dos cales, máis do 40% se deben a causas derivadas directamente do sobretraballo. De 2010 a 2012, o recorte en persoal foi de 13 millóns de euros e aínda en 2015 o gasto de persoal é un 7,1% menos que en 2010.

Nas residencias de xestión públicas, ademais da insostible situación laboral, é patente a falta de mantemento e adecuación de instalacións xa obsoletas ás novas realidades de maior taxa de persoas dependentes, pois dende 2010 a Xunta non elaborou plans de investimentos en centros públicos. En canto ás residencias concertadas, o Consello de Contas reconece infraccións en materia de persoal, usos inadecuados das instalacións, deficiencias nos protocolos de funcionamento e falta de rigor nos rexistros que non motivaron sancións por parte da Xunta, que ten insuficientes efectivos nos servizos de inspección.

Ademais, hai unha falta de desenvolvemento do eido sociosanitario que provoca unha falta de seguimento de casos vulnerables, desatención de persoas maiores e dependentes e descoordinación entre servizos.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

- Aumentar no inmediato a achega orzamentaria da Comunidade Autónoma para a Dependencia.
- Dirixirse ao Goberno do Estado para que cumpra co 50% do financiamento da Dependencia.
- Aumentar a contía das libranzas para coidados.
- Desenvolver programas de profesionalización de persoas coidadoras de dependentes.
- Impulsar programas de uso gratuíto de balnearios, piscinas e centros de zooterapia para persoas dependentes cuxas doenzas poidan beneficiarse das mesmas.
- Reforzar os servizos sociais comunitarios e a atención/intervención temperá na rede sociosanitaria pública para persoas dependentes, aumentando o número de horas de SAF nos Concellos para Dependencia.
- Ampliar as prazas de respiro familiar e a rede pública de centros de día e residencias de maiores, aumentando as rateos de persoal nas mesmas.



- Desenvolver un protocolo específico de atención a persoas dependentes en situación vulnerable que viven soas.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 15/10/2018 09:58:38

Luis Villares Naveira na data 15/10/2018 09:58:46



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 10:37
Nº Rexistro: 38698
Data envío: 15/10/2018 10:37:03.374

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á construción do Centro de Saúde de Bouzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O compromiso adquirido polo Goberno galego, a través da Consellaría de Sanidade, para a construción dun centro de saúde en Vigo, en concreto na vila de Bouzas, retrotráese a un proxecto presentado no ano 2010.

Ao longo de todo este tempo non só no fixo nada senón que agora trasládase un novo proxecto reformado que presenta severos recortes fronte ao contemplado no proxecto inicial. Deste xeito, para o BNG resulta inaceptábel que se pase de 1.200 metros cadrados de superficie útil a a pouco máis de 600. Por outro lado as seis consultas de menciña de familia e outras seis de enfermería previstas inicialmente redúcense á metade; por non falar da eliminación do servizo de pediatría e do espazo para dispor de traballadora/or social. Así o goberno do Partido Popular con oito anos de atraso quere deixar agora a Bouzas con medio centro de saúde , e o que é máis grave, sen pediatría e sen servizo de traballo social.

Logo, a intención do Goberno galego de abrir un “minicentro” absolutamente insuficiente na vila de Bouzas está dentro da política xeral de desmantelamento da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 10:37
Nº Rexistro: 38698
Data envío: 15/10/2018 10:37:03.374

sanidade pública e nos continuados recortes da atención primaria. Ademais todo apunta a intención do Sergas de aproveitar a apertura do novo centro de saúde de Bouzas para proceder ao feche do da rúa López Mora, malia que presta atención a un número importante de persoas.

A veciñanza de Bouzas leva anos a padecer unha atención sanitaria manifestamente mellorábel. Para o BNG o que precisan e merecen as viguesas e vigueses é o contrario do que nos impón o Partido Popular desde a Xunta: máis e mellor sanidade pública e sobre todo unha aposta decidida por mellorar a atención primaria.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a proceder a construción do Centro de Saúde de Bouzas, conforme ao proxecto inicial do Sergas e coa mesma dotación de persoal sanitario, incluíndo servizos de pediatría e traballo social.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 10:37
Nº Rexistro: 38698
Data envío: 15/10/2018 10:37:03.374

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2018 10:36:02

María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2018 10:36:07

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2018 10:36:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/10/2018 10:36:10

Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2018 10:36:13

Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2018 10:36:14

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Como sabemos, o turismo representa para Galicia aproximadamente o 11 % do noso PIB e xera o 12 % do emprego da nosa economía. Por iso, ninguén dubida da súa importancia socioeconómica como motor de desenvolvemento galego.

É innegable que o Xacobeo 2021 supón un reto e unha oportunidade para Galicia, por iso, aínda temos que mellorar en diferentes aspectos turísticos. Non obstante, seguindo a estela que levamos non chegaremos nas mellores condicións posibles ao 2021 xa que, existen unha serie de debilidades que se teñen que atallar, como por exemplo: precísase máis investimento e impulso das novas tecnoloxías adaptándose aos novos tipos de turistas ou unha maior investigación das necesidades reais ás que se dirixe o turismo para poderse adiantar ao turismo que virá.

Cremos que é irrenunciable facer unha aposta decidida para aproveitar a grande potencialidade do sector e lograr así un desenvolvemento económico máis estable e con capacidade de xerar emprego de calidade no eido turístico.

Por iso, e baseándonos nas directrices e competencias que ten a Axencia de Turismo de Galicia, como se indica nos puntos 11 e 12 nos que se di literalmente:

“11. Dirixir e coordinar as actuacións relativas ao análises, estudo, coñecemento e estatísticas no campo turístico, así como o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no campo do turismo, sen prexuízo doutros organismos con competencias nestas materias.

12. O impulso da competitividade do sector turístico privado, fomentando a mellora da xestión interna das empresas turísticas, o I+D+i, a cooperación entre empresas e a formación.”

Porén, cremos que non se está a facer o suficiente investimento en I+D+i+T desde a Administración autonómica e poder impulsar así unha mellor competitividade no sector turístico, adaptándoo aos retos actuais do turismo galego, español e internacional.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Financiar programas de investigación, desenvolvemento, innovación e tecnoloxía (I+D+i+T) que faciliten a incorporación das empresas turísticas galegas á sociedade do coñecemento.

2º) Promover accións que doten ao sector turístico, conxuntamente coa Administración autonómica, a un papel protagonista no establecemento de estratexias e accións turísticas.

3º) Favorecer a introdución nas empresas turísticas das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

4º) O uso de accións de *marketing online* para a promoción e mellora turística.

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/10/2018 10:55:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/10/2018 10:55:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2018 10:55:29

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A situación de precariedade que viven os profesionais da atención primaria de Galicia vén sendo un tema relevante e obxecto de numerosas reivindicacións dos colectivos profesionais, organizacións sindicais, agrupacións cidadás e grupos políticos desde hai varios anos. Nos últimos tempos, o propio Parlamento de Galicia asistiu a debates en comisión e pleno sobre a necesidade de mellorar estas condicións para mellorar así o sistema sanitario de Galicia.

A situación específica dos PAC, con numerosas cuestións a mellorar tanto nas condicións laborais dos profesionais como nas asistencias que inflúen sobre a capacidade dos profesionais de dar o mellor servizo posible (horarios, dotación de recursos materiais e humanos, organización de traballo...), é un aspecto concreto que ten sido analizado de maneira específica.

Existen numerosas ocasións en que o Goberno da Xunta de Galicia ten coñecido as deficiencias, especialmente no referido ao volume de recursos humanos, que existen na atención nos PAC en Galicia. Con todo, a resposta deste Goberno vén sendo sempre a negación do problema e incluso a provocación de conflitos cos membros representantes das reivindicacións dos traballadores e traballadoras dos PAC galegos. Do mesmo xeito, o Grupo Popular no Parlamento de Galicia rexeitou as propostas que se teñen feito de mellora das condicións e aumento de recursos no seo do Parlamento.

O acontecido no día 4 de agosto no PAC da Estrada foi un suceso fatal que retumbou en todo o sistema sanitario galego. O labor desenvolvido polos profesionais do sistema foi insuperable e impecable, tratando de axudar no problema incluso algunha profesional que non estaba sequera no seu horario laboral, a limitación de número do persoal existente foi tamén un problema insuperable. A ausencia de profesionais no PAC da Estrada foi un elemento decisivo para un incidente fatal.

Esta situación debe ser punto e aparte sobre as condicións existentes e sobre a calidade asistencial que recibimos os galegos e as galegas, e permitir abrir un tempo de replanificación sobre os recursos que necesita o sistema sanitario.

Neste sentido, en relación co PAC de Ponteceso, é preciso indicar que hai preocupación pola ausencia do segundo equipo. Este PAC abarca aos concellos de Ponteceso, Laxe e Cabana de Bergantiños, afectado a unha poboación de máis de 13.000 persoas. O PAC atópase a 56 km de distancia do Hospital da Coruña, uns 45 minutos son necesarios para ese desprazamento, e con respecto ao hospital de Cee precísanse 42 minutos para percorrer os 46 km de distancia.

Estas longas distancias poñen de relevo a necesidade dese segundo equipo, xa que as urxencias teñen unha maior relevancia. A isto súmaselle unha poboación envellecida, con dificultades para a mobilidade. Baixo estas condicións, un só equipo asistencial resulta a todas luces insuficiente e provoca demoras de máis de dúas horas sen atención no centro de saúde.

Por todo iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo con carácter inmediato a dotación do segundo equipo preciso no PAC de Ponteceso.

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 15/10/2018 11:23:14

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2018 11:23:27

Noela Blanco Rodríguez na data 15/10/2018 11:23:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2018 11:23:56

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Abel Losada Alvarez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O sector de elaborados do mar presenta unhas características socio-laborais moi determinadas, e desde logo moi vulnerables no contexto da recuperación económico desequilibrada na que se atopa a economía no seu conxunto.

Basicamente mulleres, en torno a un 85 % da man de obra, unha parte importante con idades xa elevadas, e con problemas moi variados, salarios baixos, precariedade, problemas graves de saúde laboral, e unha presenza do papel das ETT moi por riba do razoable no ámbito industrial.

Neste contexto de dificultades de carácter laboral, estanse producindo serios atrancos na negociación colectiva do sector de elaborados do mar. Consideramos que a Xunta de Galicia debería de levar adiante algunha iniciativa que axudase a que estas dificultades na negociación entre patronal e sindicatos se puidesen superar.

Non parece existir ningunha razón de carácter estritamente económico que xustifique estas situacións laborais, xa que a imaxe que traslada o sector ao exterior é dun éxito produtivo, industrial e mesmo de imaxe moi notable. Ademais estamos falando dun sector que está a recibir cuantiosas axudas públicas procedentes da Xunta de Galicia, parece razoable que a Administración autonómica desenvolva unha actitude proactiva á hora de cooperar na busca de solucións deste problema laboral.

Neste contexto, parece tamén razoable que a Xunta de Galicia condicione a concesión desas axudas ao mantemento do emprego e á mellora das condicións laborais das traballadoras, e por suposto faga un control posterior moito máis estrito.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º) Desenvolver un plan específico de apoio á formación das traballadoras do sector dos elaborados do mar.

2º) Desenvolver un protocolo de actuación que se aplique a aqueles sectores fortemente feminizados, que obrigue aos beneficiarios da concesións de axudas públicas a garantir unhas condicións laborais axeitadas e que facilite a conciliación da vida laboral e familiar.

3º) Levar adiante iniciativas, propias ou ben a través do Consello Galego de Relación Laborais, que axudasen a que as dificultades na negociación colectiva do sector de elaborados do mar se puidesen superar.

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 15/10/2018 11:53:10

Noela Blanco Rodríguez na data 15/10/2018 11:53:23

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2018 11:53:30

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/10/2018 11:53:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2018 11:53:43

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A importancia da participación das persoas e asociación na saúde comunitaria é de todos coñecida.

Enténdese por atención comunitaria ao conxunto de actuacións, con participación da comunidade, orientadas ao diagnóstico das súas necesidades e problemas de saúde, identificando os recursos comunitarios dispoñibles, priorizando as intervencións, e elaborando programas orientados a mellorar a saúde da comunidade, en coordinación con outros dispositivos sociais e educativos.

As actividades comunitarias son aquelas realizadas nun territorio, dirixidas a promover a saúde, incrementar a calidade de vida e o benestar social da poboación, potenciando a capacidade das persoas e grupos para a abordaxe dos seus propios problemas, demandas e necesidades.

Considerando a transcendencia que este tipo de actuacións poden ter na mellora da saúde da poboación, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a activar a fomentar intervencións comunitarias na atención primaria de saúde”.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/10/2018 14:19:10

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/10/2018 14:19:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/10/2018 14:19:31

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/10/2018 14:19:36

Marta Rodriguez Arias na data 15/10/2018 14:19:43

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/10/2018 14:19:52

María Soraya Salorio Porral na data 15/10/2018 14:20:02

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/10/2018 14:20:09

Raquel Arias Rodríguez na data 15/10/2018 14:20:16

Sandra Vázquez Dominguez na data 15/10/2018 14:20:24

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Podoloxía é unha profesión sanitaria cuxa importancia non admite discusión, cuxa formación como grao universitario, impártese en numerosas facultades, no caso de Galicia na Universidade de A Coruña, no campus de Ferrol, na facultade de Enfermería e Podoloxía.

A súa actividade comprende o estudo, diagnóstico e tratamento das distintas patoloxías do pé.

Entre estas afeccións destaca pola súa importancia e frecuencia o pé diabético.

As alteracións microvasculares e a neuropatía que ocasiona a diabete xeran unha problemática que afecta ao 15% das persoas diabéticas e que pode precisar amputación nuns catro de cada mil afectados.

E para a prevención e coidado desta patoloxía é fundamental a colaboración dos podólogos.

En varias comunidades autónomas téñense asinado convenios cos colexios profesionais, para a atención destas persoas por parte dos profesionais da podoloxía.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver programas de colaboración co Colexio Oficial de Podólogos de Galicia para o control e seguimento da patoloxía derivada do pé diabético”.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/10/2018 14:22:29

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/10/2018 14:22:37

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/10/2018 14:22:43

María Ángeles García Míguez na data 15/10/2018 14:22:49

Marta Rodríguez Arias na data 15/10/2018 14:22:55

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/10/2018 14:23:02

María Soraya Salorio Porral na data 15/10/2018 14:23:12

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/10/2018 14:23:19

Raquel Arias Rodríguez na data 15/10/2018 14:23:26

Sandra Vázquez Dominguez na data 15/10/2018 14:23:34

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A tecnoloxía ten unha importancia capital na mellora da saúde das persoas.

Todos estaremos de acordo en que o desenvolvemento nos últimos anos de ferramentas tecnolóxicas para o diagnóstico de enfermidades contribuíu a facilitar o traballo dos profesionais e a incrementar a esperanza de vida das persoas.

Pero tamén debemos ter en conta a nova realidade da atención á cronicidade, avanzando na comunicación por medio da rede entre enfermo, familia e profesionais.

Nese eido tense desenvolvido en Galicia, como proxecto piloto, a nova Plataforma Telea, que permite o control dende o centro de saúde das principais constantes e eventos dos doentes, alertando de posibles agravamentos dos cadros clínicos, e estendido xa a varios centros de saúde de todas as áreas de Galicia..

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a ampliar modelos de seguimento teleasistido de pacientes crónicos a través de plataformas tecnolóxicas, para realizar un seguimento continuo da situación clínica do paciente e adiantarse a posibles episodios de agravamento da enfermidade”.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/10/2018 14:25:32

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/10/2018 14:25:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/10/2018 14:25:46

María Ángeles García Míguez na data 15/10/2018 14:25:52

Marta Rodríguez Arias na data 15/10/2018 14:25:58

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/10/2018 14:26:05

María Soraya Salorio Porral na data 15/10/2018 14:26:13

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/10/2018 14:26:19

Raquel Arias Rodríguez na data 15/10/2018 14:26:25

Sandra Vázquez Domínguez na data 15/10/2018 14:26:32

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Máis dun terzo dos anuncios de xoguetes que se ven por televisión e que ven por televisión os menores e as menores de idade, conteñen estereotipos de xénero. Un estudio de principios do 2018 do Consell de l'Audiovisual de Catalunya, o CAC, así o revelaba.

O CAC tamén puxo de manifesto que na pasada campaña do Nadal se rexistrou por vez primeira desde 2012 un repunte da publicidade sexista.

O 11 % dos anuncios de xoguetes amosan nenas preocupadas polo seu aspecto físico, con accións como pintar as uñas, facer reflexos de cores no pelo ou aplicar tatuaxes ou cosméticos.

As representacións de estereotipos que apareceron máis frecuentemente foron estereotipos femininos: nena que xoga só con nenas (22,4 %) e nena que xoga con boneca (18,7 %) .

A publicidade establece, tamén, unha relación entre certas tipoloxías de xoguetes e as representacións de estereotipos de só un dos xéneros: as bonecas, accesorios e os xogos de imitación da realidade se vinculan ó xogo das nenas; as autopistas e accesorios, os vehículos en miniatura e os xogos de puntería e habilidade, ó dos nenos.

E contra todo isto loitan nais e pais, educadoras e educadores, mulleres e homes conscientes da influencia dos medios de comunicación e a publicidade na formación dos nenos e nenas como cidadáns e cidadás. Sabemos que os estereotipos que transmiten os medios, especialmente as pantallas, provocan

construcións patriarcais machistas e sexistas que logo custa moito de combater e eliminar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Comprometer unha partida económica suficiente dentro da aportación recibida dos fondos do Estado provenientes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e en atención ós artigos 41, 42 e 44, que permita deseñar e poñer en marcha unha campaña institucional de sensibilización a favor dos xoguets non sexistas que se poñan en marcha en tres meses, coincidente coa época do Nadal, e que teña como obxectivo o consumo responsable de xoguets críticos, responsables e afastados dos estereotipos de xénero, co fin de contribuír á consecución dunha sociedade máis paritaria, traballando contidos que favorezan xogos, xoguets e produtos de ocio que fomenten valores positivos, igualitarios e non discriminatorios.
2. Compartir dita campaña cos centros educativos, coas asociacións de nais e pais, as asociacións de persoas consumidoras, as organizacións empresariais e profesionais do sector.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 15/10/2018 16:06:53

María Dolores Toja Suárez na data 15/10/2018 16:06:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/10/2018 16:07:04

Maria de la Concepción Burgo López na data 15/10/2018 16:07:12

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/10/2018 16:07:17

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/10/2018 16:07:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/10/2018 16:07:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2018 16:07:28

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Máis dun terzo dos anuncios de xoguetes que se ven por televisión e que ven por televisión os menores e as menores de idade, conteñen estereotipos de xénero. Un estudio de principios do 2018 do Consell de l'Audiovisual de Catalunya, o CAC, así o revelaba.

O CAC tamén puxo de manifesto que na pasada campaña do Nadal se rexistrou por vez primeira desde 2012 un repunte da publicidade sexista.

O 11 % dos anuncios de xoguetes amosan nenas preocupadas polo seu aspecto físico, con accións como pintar as uñas, facer reflexos de cores no pelo ou aplicar tatuaxes ou cosméticos.

As representacións de estereotipos que apareceron máis frecuentemente foron estereotipos femininos: nena que xoga só con nenas (22,4 %) e nena que xoga con boneca (18,7 %) .

A publicidade establece, tamén, unha relación entre certas tipoloxías de xoguetes e as representacións de estereotipos de só un dos xéneros: as bonecas, accesorios e os xogos de imitación da realidade se vinculan ó xogo das nenas; as autopistas e accesorios, os vehículos en miniatura e os xogos de puntería e habilidade, ó dos nenos.

E contra todo isto loitan nais e pais, educadoras e educadores, mulleres e homes conscientes da influencia dos medios de comunicación e a publicidade na formación dos nenos e nenas como cidadáns e cidadás. Sabemos que os estereotipos que transmiten os medios, especialmente as pantallas, provocan construcións patriarcais machistas e sexistas que logo custa moito de combater e eliminar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Comprometer unha partida económica suficiente dentro da aportación recibida dos fondos do Estado provenientes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e en atención ós artigos 41, 42 e 44, que permita deseñar e poñer en marcha unha campaña institucional de sensibilización a favor dos xoguets non sexistas que se poñan en marcha en tres meses, coincidente coa época do Nadal, e que teña como obxectivo o consumo responsable de xoguets críticos, responsables e afastados dos estereotipos de xénero, co fin de contribuír á consecución dunha sociedade máis paritaria, traballando contidos que favorezan xogos, xoguets e produtos de ocio que fomenten valores positivos, igualitarios e non discriminatorios.
2. Compartir dita campaña cos centros educativos, coas asociacións de nais e pais, as asociacións de persoas consumidoras, as organizacións empresariais e profesionais do sector.

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 15/10/2018 16:05:26

María Dolores Toja Suárez na data 15/10/2018 16:05:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/10/2018 16:05:38

Maria de la Concepción Burgo López na data 15/10/2018 16:05:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/10/2018 16:05:46

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/10/2018 16:05:51

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/10/2018 16:05:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2018 16:05:57

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Luis Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O concello de Pereiro de Aguiar (Ourense) ten unha poboación que está en crecemento a respecto do que acontece en moitos concellos da provincia, no ano 1998 tiña 4.673 habitantes cando no 2017 eran xa 6.228, o cal demanda das administracións unha resposta áxil e eficaz ás novas demandas para mellorar a calidade de vida da veciñanza.

No curso escolar actual 2018/2019 a empresa adxudicataria da ruta de transporte escolar nº6 do colexio CPI José García García- Mende, co inicio en Santa Cruz (Nogueira de Ramuín), Armariz, Cebreirós, Cortiñas, Pereiro de Aguiar e Tibias entre outras paradas dispón de 79 usuarios e usuarias entre o alumnado de Educación infantil Primaria, e Secundaria, e alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo, a maioría dos cales son nenos e nenas do Concello de Pereiro de Aguiar.

Todo o alumnado que emprega esta ruta, de acordo coa Instrución 3/2018 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, sobre a xestión do transporte escolar para o curso 2018/2019, son usuarios lexítimos do transporte escolar e gratuíto por pertencer a etapas de escolaridade obrigatoria e cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 quilómetros, utilizando o itinerario máis directo sen desvíos nin rodeos innecesarios, así mesmo, para ser usuario lexítimo do servizo, o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida.

Por outro lado, dita instrución, establece que ao comezo do curso escolar, os servizos provinciais de recursos educativos complementarios da Xunta de Galicia, enviaranlles ás direccións dos centros, unha relación dos vehículos asignados aos contratos de transporte, indicando a súa capacidade o número de

matrícula ... coa finalidade de comprobar a correcta execución do servizo (cumprimento correcto do horario de entrada e saída, ruta e paradas...).

Soamente cando circunstancias especiais, debidamente xustificadas aconsellen ampliar os itinerarios existentes, e/ou introducir modificacións, as Xefaturas territoriais elevarán unha proposta á Secretaría Xeral Técnica da Xunta de Galicia.

No curso actual, a empresa adxudicataria de dita ruta de transporte escolar, dispón dun autobús con 55 prazas, número inferior ao de número de usuarios e usuarias lexítimos do servizo, o cal levou a realizar unha dobreaxe da ruta, co fin de dar servizo a todos e todas.

Así por exemplo o primeiro traxecto comeza recollendo aos usuarios e usuarias sobre as 07:10 horas na localidade de Santa Cruz (Nogueira de Ramuín), percorrendo o resto de paradas autorizadas, e chegando sobre as 08:25 horas ao colexio (horario de entrada ao centro 09:00 horas). No segundo traxecto regresa pola súa ruta ata a localidade de Cortiñas, e percorre as últimas catro paradas para tentar chegar ás 09:00 horas, o cal supón que para chegar a tempo teña que aumentar a velocidade, incrementándose tamén deste xeito o risco de accidente.

Na recollida á saída do centro tamén existe un dobre percorrido, e obriga a que parte do alumnado teña que esperar case 45 minutos dende a saída do centro, que luns, mércores e venres finaliza ás 15:00 horas e os martes e xoves ás 16:00 horas. Ocasionando graves prexuizos para as familias pois afecta á conciliación, ao alumnado pois afecta ao tempo de estudo, de descanso, de ocio; e aos propios traballadores e traballadoras do centro, que deben ampliar o seu horario laboral para acompañar ao alumnado ata a saída do transporte.

Doutra banda, os municipios do rural de Pereiro de Aguiar, Esgos e Nogueira de Ramuín, cunha poboación estimada de 10.000 habitantes, dos cales preto de 1.200 contan cunha idade inferior ao 16 anos, non dispoñen dun centro público de educación secundaria e bacharelato debéndose desprazar os escolares ata o centro CPI José García García.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a procura urxente dunha solución á problemática existente na actualidade n servizo de transporte escolar do CPI José García García de Mende (Ourense), co fin de reducir os dilatados tempos en percorrer os traxectos destas rutas, así como nos de espera á entrada e saída do centro.

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/10/2018 16:11:15

Raúl Fernández Fernández na data 15/10/2018 16:11:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/10/2018 16:11:48

Maria de la Concepción Burgo López na data 15/10/2018 16:11:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2018 16:11:57



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:59
Nº Rexistro: 38763
Data envío: 15/10/2018 17:59:42.031

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na localidade de Bervola do concello de Llanera (Asturias) chegaron a acumularse 41.612m³ de hidróxido de calcio por parte da sociedade Epa Calprin. Este residuo estivo máis de 20 anos á intemperie e sen protección que evitase a filtración ó solo. Houbo numerosos expedientes sancionadores ata que o Principado de Asturias denunciou a situación á Fiscalía e en marzo de 1999 foi condenado o promotor, coma responsable dun delito contra o medio ambiente, á retirada do depósito e limpeza do terreo.

A sociedade desapareceu e os seus bens tamén e a Fiscalía requiriu o cumprimento da sentenza ó Principado que en 2016 contratou a Cogersa para a retirada dunha primeira partida de 8.300 Tm.

Ante a imposibilidade de valorizar estes residuos desde esta empresa, estes foron levados ó vertedoiro de residuos perigosos de complexo de Serín.

Logo o Principado de Asturias sacou un concurso e adxudicou o contrato á mercantil CESPA Gestión de Residuos SA do grupo Ferrovial, para traballos de carga,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:59
Nº Rexistro: 38763
Data envío: 15/10/2018 17:59:42.031

transporte e entrega ó xestor autorizado dos residuos pra operacións de valorización do acopio de hidróxido de calcio situado na antiga EPA CALPRIN e o acondicionamento final na Bervola nun prazo de 38 meses desde o 16-11-2017 por un importe de 1.596.657 euros.

O curioso da valorización deste residuo é que a primeiras toneladas deste material 8300, ó parecer, están sendo regaladas pola sociedade CESPAS Gestión de Residuos SA do grupo Ferrovial a agricultores galegos para uso agrícola sen lles advertir da súa procedencia e o risco que poida supoñer este residuo perigoso. Negocio redondo.

Ó mesmo tempo, e dende hai xa varios anos, estase utilizando coma fertilizante por algúns agricultores, especialmente nas terras adicadas a millo forraxeiro dalgunhas zonas, lodos e lamas procedentes de Edares.

Cónstanos a falta de información sobre o uso correcto dos mesmos por parte da maioría de agricultores, dos concellos e dos cidadáns en xeral. O altísimo contido destas lamas en metais pesados e outras substancias potencialmente tóxicas, o seu uso descontrolado e a falta de seguimento e control por parte das administracións, a posible contaminación de acuíferos, ríos e regatos, fai que o Grupo Parlamentar do BNG presente a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- Que a Consellería de Medio Rural arbitre as medidas necesarias para controlar o uso destas lamas procedentes da depuración.
- Que se deseñen e realicen campañas de información e formación dos agricultores sobre lexislación e uso destas lamas coma fertilizantes.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:59
Nº Rexistro: 38763
Data envío: 15/10/2018 17:59:42.031

-Que faga un seguimento do estado das terras de cultivo que utilizan ou utilizaron lamas de depuración no tocante a metais pesados e outras substancias así coma das augas próximas.

- Que faga un seguimento dos residuos de hidróxido de calcio procedentes do Principado de Asturias e regalados a agricultores galegos para pescudar a súa perigosidade e actuar en consecuencia.”

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/10/2018 17:53:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:59
Nº Rexistro: 38763
Data envío: 15/10/2018 17:59:42.031

María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2018 17:53:36

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2018 17:53:37

Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2018 17:53:38

Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2018 17:53:40

Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2018 17:53:41

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.^a, sobre o incumprimento por parte da Xunta das resolucións xudiciais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Derivado das concesións autonómicas de transporte colectivo de viaxeiros, dende agosto de 2017, tres traballadores da empresa Arriva, que tiñan que ser subrogados á nova empresa, aínda están sen traballo. Dous deles xa teñen sentenza a favor, pero a UTE Morán e Autocares Rodríguez Domínguez S.L (a nova concesionaria) non as cumpre, e un dos traballadores aínda está pendente de xuízo.

A Xunta comprometérase a garantir a permanencia dos postos de traballo da xente que fora despedida en agosto, pero Morán non subrogou a estes traballadores nin cumpre as sentenzas e a Xunta, é evidente, non fixo seguimento dos casos.

O que tiña visos de ser unha solución rápida e axeitada converteuse nun proceso dilatorio, no que estas persoas agardan a que as sentenzas se confirmen en instancias superiores, mentres eles consumen as súas prestacións.

O Goberno galego non está actuando na procura do benestar destas persoas, que viven nunha situación de incertidume entre dúas empresas, a empresa Arriva, saínte da concesión e outra entrante, a UTE Morán e Autocares Rodríguez Domínguez S.L. e as persoas traballadoras no medio, consecuencia dun plan



apresurado forxado na Consellería de Transportes e Mobilidade que sacou a concurso a concesión XG533 (Viveiro - Ribadeo). A empresa Arriva enviou un burofax polo que comunicou aos traballadores que formaban parte da nova empresa UTE Morán cos mesmos dereitos e obrigas que tiñan anteriormente, pero cando foron asinar o contrato, Morán non o fixo. Polo que se atoparon cobrando o paro, a piques de quedar sen ingresos, na procura de que a empresa adxudicataria cumpra cos pregos de adxudicación, e subroque aos traballadores, e efectivamente dispoña de carga de traballo, ou ben que os despida formalmente, para que poidan buscar traballo noutra empresa, entendéndose coa Xunta, pois os traballadores non teñen a culpa das presas da Consellería.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a :

- 1.- Buscar unha solución que permita aos traballadores empregarse noutras empresas.
- 2.- Axeitar os pregos das sucesivas concesións para que non se produzan novas situacións de desprotección das persoas traballadoras nas subrogacións.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 15/10/2018 18:05:48

Luis Villares Naveira na data 15/10/2018 18:05:56

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A implantación da Historia Clínica Electrónica IANUS, e a súa extensión a toda a xeografía sanitaria galega foi un fito que marcou un antes e un despois na nosa sanidade pública.

A posibilidade de dispoñer dos datos clínicos do paciente en calquera centro de saúde ou hospital de Galicia, e de que Atención Primaria teña accesibles todos os datos de probas diagnósticas, imaxes, e consultas ou ingresos hospitalarios facilitan dun xeito evidente o traballo de todos os profesionais.

Dentro dos avances constantes e permanentes no desenvolvemento desta potente ferramenta, as deputadas e deputados do grupo parlamentario Popular pensamos que sería interesante e positivo para a saúde da cidadanía a inclusión nesta historia clínica electrónica dun módulo específico de enfermería para acadar a continuidade asistencial dos coidados aos pacientes, independentemente do nivel asistencial, primaria ou hospitalaria, no que sexan atendidos.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a implantar, na historia clínica electrónica, o módulo específico de enfermería que permita o seguimento do plan de coidados dos pacientes, co obxectivo fundamental de acadar a continuidade asistencial nos coidados con independencia do nivel asistencial (atención primaria e hospitalaria)”.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/10/2018 14:15:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38733
Data envío: 15/10/2018 14:28:46.729

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/10/2018 14:16:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/10/2018 14:16:13

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/10/2018 14:16:19

Marta Rodríguez Arias na data 15/10/2018 14:16:27

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/10/2018 14:16:35

María Soraya Salorio Porral na data 15/10/2018 14:16:43

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/10/2018 14:16:50

Raquel Arias Rodríguez na data 15/10/2018 14:16:58

Sandra Vázquez Dominguez na data 15/10/2018 14:17:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Atención Temperá está universalmente recoñecida como un conxunto de accións que se orientan cara á prevención e a intervención asistencial dos nenos e nenas que se atopan en situacións de risco ou que presentan algunha discapacidade. Pero, á vez, é un conxunto de intervencións co que se actúa para poder garantir as condicións e a resposta familiar ante estas circunstancias nas diferentes contornas vitais.

En maio de 2000 publicábase o Libro Branco da Atención Temperá, o que supoñía que por primeira vez no noso país se chegara a un consenso científico interdisciplinar das diversas especialidades que conflúen neste campo, coa representación das diferentes Comunidades Autónomas e dos diferentes sectores que inciden no campo da prevención, marcando así un fito histórico. Este é un instrumento rigoroso e indispensable para a comprensión e o desenvolvemento da Atención Temperá, que ademais de contribuír a reforzar o consenso profesional sobre ela, propiciou unha importante expansión que se concretou na posta en marcha de grupos de traballo intersectoriais, e no deseño de plans específicos de Atención Temperá en numerosas comunidades autónomas, incrementáronse os recursos dedicados á intervención temperá, servindo de referencia para a realización de instrumentos técnicos, así como para establecer os plans de formación e especialización profesional.

O marco legal regulatorio en Galicia é, tendo como base legal a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, así como un protocolo de coordinación entre os servizos sanitarios, educativos e sociais asinado no ano 2014.

Sen embargo o escaso esforzo inversor e normativo destes últimos anos, segundo os datos actualizados de recursos dedicados á Atención Temprá de proximidade para nenos e nenas de 0 a 6 anos con problemas educativos, sinala na actualidade unha situación comparativa moi desfavorable para a nosa comunidade autónoma. Estas carencias teñen reflexo na escasa extensión da rede, xa que trinta anos despois de que se creara o primeiro servizo de proximidade, de 314 concellos, tan so 92 contan cos servizos de Atención Temprá que marca a normativa do ano 2013, ademais a maioría non amosan unha planificación nin a medio nin a longo prazo. Así, por exemplo, os últimos 6 servizos creados veñen de ser subvencionados por un período de dous meses (do 1 de setembro a 31 de outubro de 2018), e o resto funciona con subvencións periódicas por meses (a través do programa operativo do FSE 2014-2020), ou por convenio renovable anualmente (AGAT), sen que a día de hoxe coñezamos algunha previsión de futuro por parte da Xunta de Galicia. Ademais as carencias no desenvolvemento normativo, producen que a rede galega de atención temprá aínda non teña un sistema regulador das instalacións e dotación equilibrada dos equipos conforme a unha planificación rigorosa de necesidades. Desde xeito esta á suceder que un mesmo número de profesionais (o mínimo de 3 que forma cada equipo) atenden por igual unha comarca de 10.000 que unha de 100.000 habitantes.

Esta orde debería tamén dotar dun soporte informático unificado aos servizos. Polo contrario a normativa de subvencións estableceu condicións absurdas para o trámite e xustificación da actividade dos servizos, obrigando aos profesionais a dedicar unha parte do seu tempo a unha tramitación administrativa que en moitas ocasións resulta excesiva e innecesaria.

Ao mesmo tempo, a Comisión Técnica e o Consello Autonómico de Atención Temprá, creados polo Decreto de 2013, están sufrindo unha preocupante inactividade durante estes últimos anos, cando a complexidade e implicación na Atención Temprá dos servizos sociais, educativos e sanitarios debiera dar lugar a unha dinamización e coordinación destes organismos administrativos, así como a desaparición na EGAP do Plan de formación en Atención Temprá (despois das edicións 2015 e 2016), e a falla de continuidade da Axenda de Atención Temprá 2015-2017, con moitos dos seus obxectivos e liñas de actuación a día de hoxe pendentes de cumprimento.

Os trastornos no desenvolvemento teñen gran transcendencia individual, familiar e social, polo que a responsabilidade da Xunta de Galicia debiera ser a de ofrecer unha resposta que evite, no posible, as discriminacións e limitacións subseguintes aos problemas que sofren os nenos e nenas con discapacidade ou con risco de

padecelas e as súas familias. O compromiso da nosa sociedade coa protección á infancia, especialmente con aqueles grupos que están en risco de sufrir alteracións no seu desenvolvemento, ademais de ser un expoñente inequívoco de progreso e de solidariedade, ten que involucrar a todos os sectores sociais. Garántese deste xeito a compensación das desigualdades individuais e o dereito para alcanzar un desenvolvemento evolutivo o máis normalizado posible e unha vida plena e independente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver e poñer en marcha un plan de consolidación e extensión da Rede de Atención Temperá, accesible, próxima e gratuíta, que garanta a cobertura do 5% da poboación infantil en 2020, así como un sistema estable de financiamento con fondos propios, que proporcione ás equipas a seguridade que precisa a súa actuación, e que valore a actividade profesional acorde co nivel de formación esixido, para elo:

1.1 Incrementarase de maneira urxente a dotación orzamentaria da rede galega de atención temperá, co obxectivo de chegar ao final da X lexislatura aos sete millóns de euros anuais de investimento.

1.2 Desenvolverase o Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, no referido a acreditación dos servizos e as súas dimensións, de tal maneira que en base a estándares profesionais contrastados as horas de servizo se calculen en relación á poboación diana que se debe protexer, se impidan as listas de agarda, e se regulen os tempos máximos de demora asistencial.

1.3 Poñerase en marcha un software actualizado e profesional de xestión da Atención Temperá, co fin de reducir os procedementos administrativos, e facilitar a tramitación e concesión desta prestación.

1.4 Restablecerase de maneira inmediata o Plan de formación anual e actualizarase, nun prazo máximo de seis meses, a Axenda de Atención Temperá para 2018-2020 coa participación das entidades interesadas.

1.5 Crearase un organismo administrativo específico, dedicado plenamente ao desenvolvemento, xestión, coordinación e avaliación da rede galega de atención temperá.

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2018 09:29:10

Julio Torrado Quintela na data 16/10/2018 09:29:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2018 09:29:22

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputada, **Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Jacobo Moreira Ferro**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

A raza Rubia Galega é o biotipo racial máis característico do noroeste peninsular, cunhas 1.800 explotacións, e 36.000 cabezas de raza pura inscritas no Libro Xenealóxico da Raza que leva ACRUGA, e un amplo uso de inseminación artificial que mantén un adecuado equilibrio socioeconómico, cultural e ambiental co seu territorio orixinal.

Polo tanto, en Galicia contamos cun numerosas explotacións da raza Rubia Galega, sendo estas moi rentables economicamente.

Xa no programa electoral co que o Partido Popular nos presentamos ás eleccións autonómicas poñiamos de manifesto o noso claro compromiso en prol desta raza.

Por unha banda, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario adaptar a selección e mellora xenética da raza Rubia Galega para conseguir un maior progreso de selección e fortalecer a raza evitando que quede atrás no progreso xenético respecto doutras razas foráneas.

E por outra banda, desde o Grupo Parlamentario Popular, consideramos prioritario que se continúe a fomentar o emprego das razas autóctonas galegas tratando de incrementar os seus censos.

Polo tanto, é necesario que se continúe co fomento do emprego das razas autóctonas, tratando de incrementar os seus censos, seguir a valorizalas como sistema de produción diferenciada fomentando o seu uso comercial como vía de subsistencia das ganderías e promovendo os produtos obtidos.

E hai que seguir potenciando os programas de mellora e fomento da raza Rubia Galega evitando a súa regresión fronte a outras, así como a súa erosión xenética.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir a potenciar os programas de mellora da raza rubia galega”.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/10/2018 09:29:44

Daniel Vega Pérez na data 16/10/2018 09:29:53

Jesús Miguel Prado Patiño na data 16/10/2018 09:30:02

Raquel Arias Rodríguez na data 16/10/2018 09:30:09

Moisés Blanco Paradelo na data 16/10/2018 09:30:17

Carlos Gómez Salgado na data 16/10/2018 09:30:24

Jacobo Moreira Ferro na data 16/10/2018 09:30:37

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Miguel Tellado Filgueira, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Cristina Romero Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

A estrada OU-636, de 21,14 km de lonxitude, forma parte da rede primaria complementaria de estradas de Galicia e une as localidades de Freixido (Concello de Petín, OU-533) e A Pobra de Trives (OU-536).

Seguindo o camiño romano XVIII, no itinerario de Antonino, tamén coñecido como a Vía Nova que comunicaba as cidades de Bracara Augusta e Asturica Augusta, presenta un sinuoso e complicado trazado tanto polas numerosas curvas como pola estreiteza da propia estrada, o que dificulta moito a circulación, cun límite de velocidade en torno os 40-50 km/hora.

O arranxo desta estrada ten sido unha demanda constante pola veciñanza destes núcleos de poboación, moi especialmente dos da comarca das Terras de Trives, que diariamente se desprazan por ela ata os seus centros de traballo ou para realizar as diferentes xestións no ámbito administrativo ou sanitario, que principalmente se prestan na capitalidade da comarca de Valdeorras, no Concello do Barco.

Certo é que durante estes anos a estrada OU-636 foi obxecto de varias obras de mellora.

De feito, recentemente a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas, vén de investir preto de 600.000 euros na renovación do firme, nunha actuación incluída no Plan de reforzos de firme deseñado pola propia Consellería.

Valorando positivamente este traballo, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos que neste momento temos que apostar por un proxecto máis amplo e ambicioso, encamiñado a conseguir a mellora do trazado con actuacións concretas en varios dos puntos máis complicados desta estrada, nomeadamente nas diferentes curvas pertencentes ao termo municipal do Concello da Pobra de Trives.

Así pois, o obxectivo principal é acadar a mellora do trazado desta importante e histórica vía que comunica as comarcas de Trives e Valdeorras e, deste xeito, optimizar as condicións de circulación do tráfico rodado nesta zona do oriente ourensán tan necesitada de boas infraestruturas de comunicación.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar a redacción dun proxecto de mellora e acondicionamento de trazado da estrada OU-636 entre Freixido e A Pobra de Trives, co obxectivo de que poida estar redactado e aprobado no ano 2019 para, a continuación, seguir coa tramitación necesaria para a execución das obras”.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/10/2018 09:40:15

Moisés Blanco Paradelo na data 16/10/2018 09:40:26

Martín Fernández Prado na data 16/10/2018 09:40:33

Jaime Castiñeira Broz na data 16/10/2018 09:40:42

Jacobo Moreira Ferro na data 16/10/2018 09:40:48

Marta Novoa Iglesias na data 16/10/2018 09:40:56

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/10/2018 09:41:04

Gonzalo Trenor López na data 16/10/2018 09:41:19

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/10/2018 09:41:30

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/10/2018 09:41:53

César Manuel Fernández Gil na data 16/10/2018 09:42:02

Carlos Gómez Salgado na data 16/10/2018 09:42:06

Antonio Mouriño Villar na data 16/10/2018 09:42:16

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 16/10/2018 09:42:27

Cristina Isabel Romero Fernández na data 16/10/2018 09:42:43

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O sector de elaborados do mar presenta unhas características socio-laborais moi determinadas, e dende logo moi vulnerables no contexto da recuperación económico desequilibrada na que se atopa a economía no seu conxunto.

Basicamente mulleres, en torno a un 85 % da man de obra, unha parte importante con idades xa elevadas, e con problemas moi variados, salarios baixos, precariedade, problemas graves de saúde laboral, e unha presenza do papel das ETT moi por riba do razoable no ámbito industrial.

Neste contexto de dificultades de carácter laboral, estanse producindo serios atrancos na negociación colectiva do sector de elaborados do mar. Consideramos que a Xunta de Galicia debería de levar adiante algunha iniciativa que axudara a que estas dificultades na negociación entre patronal e sindicatos puideran superarse.

Non parece existir ningunha razón de carácter estritamente económico que xustifique estas situacións laborais, xa que a imaxe que traslada o sector ao exterior é dun éxito produtivo, industrial e mesmo de imaxe moi notable. Ademais estamos falando dun sector que está a recibir cuantiosas axudas públicas procedentes da Xunta de Galicia, parece razoable que a Administración autonómica desenvolva unha actitude proactiva á hora de cooperar na busca de solucións deste problema laboral.

Neste contexto, parece tamén razoable que a Xunta de Galicia condicione a concesión desas axudas ao mantemento do emprego e a mellora das condicións laborais das traballadoras, e por suposto faga un control posterior moito mais estrito.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver un plan específico de apoio a formación das traballadoras do sector dos elaborados do mar.
2. Desenvolver un protocolo de actuación que se aplique a aqueles sectores fortemente feminizados, que obrigue aos beneficiarios de concesións de axudas públicas a garantir unhas condicións laborais axeitadas e que facilite a conciliación da vida laboral e familiar.
3. Levar adiante iniciativas, propias ou ben a través do Consello Galego de Relación Laborais, que axudaran a que as dificultades na negociación colectiva do sector de elaborados do mar puideran superarse.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez

José Manuel Pérez Seco

Patricia Otero Rodríguez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/10/2018 09:53:54

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/10/2018 09:53:59

Patricia Otero Rodríguez na data 16/10/2018 09:54:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2018 09:54:15

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 2.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Plan Director da Rede Natura (PDRN) aprobado o 27 de marzo de 2014, supuxo o abandono da proposta da Xunta do 2011, mesmo sometida a información pública, de ampliación dos LIC existentes e de creación de novos LIC.

E non se trata só de que Galiza segue sendo das nacións con menor porcentaxe de superficie ocupada por Rede Natura senón que espazos merecentes de ser catalogados como LIC deixaron de estalo, o que supuxo e supón a súa desvalorización a efectos de protección e posta en valor, con especial transcendencia a efectos de clasificación e categorización urbanístico dos terreos e usos prohibidos, autorizables e permitidos dos mesmos.

En efecto, na actualidade Galiza ten 59 LIC, que representan o 11,7% da superficie territorial do noso País; porcentaxe moi inferior á media estatal (23,1%). Nas zonas ZEPA acontece o mesmo (Galiza, 3% da superficie; media estatal 20,1%).

Nas Decisións/resolucións da UE 2004/813/CEE e 2006/613/CEE xa se precisaba a deficiencia e incumprimento da Directiva 92/43 de conservación de hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, polo cal detallaba, e para cada



Estado (Anexo II de ditas Decisións) unha serie de especies/tipos de hábitats cubertos insuficientemente polo listado de LIC aprobados.

Dentro do listado de hábitats insuficientemente protexidos por LIC estaban, por exemplo, as breixeiras húmidas atlánticas e os mires de transición (brañas e similares), de especial incidencia na Galiza.

Pois ben, e cos antecedentes das Decisións da UE antes mencionadas, no 2011 a Xunta comeza a tramitación dunha proposta de ampliación da RN, tanto coa ampliación de 28 ¹ dos LIC existentes como pola proposta de 22 ² novos LIC. Dita proposta, aínda coas súas limitacións e omisións de espazos a protexer, supoñía un avance respecto da situación existente, e foi sometida a exposición ao público (por dúas veces) e o goberno da Xunta desistiu expresamente da mesma, aprobando un PDRN no que nin houbo ampliación da delimitación dos LIC existentes nin se aprobaron novos LIC, incumpríndose dese xeito as Decisións da UE respecto da insuficiencia e incumprimento por Galiza da obriga de incrementar a RN en aplicación da Directiva 92/43.

Despois de máis de 3 anos o PP levou, en xuño de 2017, á Comisión 2ª unha proposta para instar á Xunta a "iniciar los trabajos de estudio y documentación para ampliar la Red Natura 2000".

Máis de un ano despois seguimos sen ter novas de sí efectivamente a Xunta de Galicia iniciou algunha acción encamiñada a ampliar a Rede Natura.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

- 1) O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a establecer un procedemento aberto e participativo para a ampliación da Rede Natura co fin de contar cunha superficie e unha normativa que protexa suficientemente a biodiversidade e o medio ambiente.

- 1 Costa Ártabra, Fragas do Eume, Costa da Morte, Corrubedo, Betanzos-Mandeo, Monte Pindo, O Louro, Xubia-Castro, O Careón, O Anllóns, O Tambre, Ladra-Tamega, As Catedrais, Carballiño, Monte Maior, Negueira de Muñiz, Rio Ouro, Serra do Xistral, Rio Cabe, A Mariña occidental, Baixa Limia, Macizo Central, Pena Maseira, Serra da Enciña da Lastra, Ulla-Deza, A Ramallosa, Brañas do Xestoso, Serra do Cando.

- 2 Brañas do Xallas, Esteiro do Rio Baxoi, Rio Baleo, Serra da Cova da Serpe, Brañas do Deo, Rio do Castro, Rio Grande, Rio Beelle, Rio Sor, Miño-Neira, Serra de Foncuberta, Penas Libres, Videferre, Rio Arnoia, Brañas do Rio Calvos, Veigas do rio Salas, Brañas de Golpellás, Serra do Suido, Serra da Groba e Monte de Valga, Costa de Oia, Illa de Cortegada.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 16/10/2018 10:22:45

Antón Sánchez García na data 16/10/2018 10:22:54

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A recuperación económica trae consigo un incremento de contratación industrial, pero o certo é que a crise e a saída da mesma está a mudar de maneira importante as necesidades do mercado de traballo. Lamentablemente, as políticas da Xunta de Galicia neste nove anos, ten sido pouco ambiciosa e ten presentado unha xestión nefasta. Sistemáticas reducións nos orzamentos, no fomento do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo, na formación profesional desempregados e na mellora da cualificación no emprego. E por si foran pouco os recortes, ademais os niveis de execución orzamentaria en algúns casos chegaron a ser verdadeiramente escandalosos.

Os socialistas denunciámos que, coa desculpa da crise económica, os gobernos do Partido Popular tentaron entre 2012 e 2018 mudar o modelo económico, seis anos perdidos para o avance da industrialización de Galicia e de España. Falamos diso que de maneira eufemística se chama “devaluación interna”, é que en realidade trátase de diminuír os custes laborais, e polo tanto, competir internacionalmente vía salarios, e non vía innovación e calidade.

Pero este modelo económico presenta os seus límites con rapidez, diminuír os salarios e os custes laborais, significa poñer un tope moi ríxido as necesidades de mellora na cualificación e da formación continua dos traballadores, de maneira que cando aparecen novas oportunidades de emprego nun período de recuperación, as dificultades de cubrir as necesidades de man do obra son cada vez maiores.

Temos un exemplo actual, na demanda do sector do metal, falamos de fábricas basicamente de compoñentes do sector metal-mecánico, de enerxías renovables e da construción naval, que veñen de manifestar as enormes dificultades que teñen para cubrir as súas necesidades de man de obra. Máis alá do aproveitamento propagandístico, e como non podería ser de outra maneira, a Xunta de Galicia está pendente da súa evolución e procura colaborar nas súas necesidades, pero

resulta evidente que non chega. A Xunta de Galicia debería estar máis preocupada e máis activa, na nosa opinión.

É verdade que a competencia no sector metal-mecánico é cada vez máis dura e en moitos segmentos moi dependente dos prezos. Pero como país non podemos aspirar a reter as partes da produción máis intensivas en traballo pouco cualificado, non queremos competir nese mercado; pero tampouco debemos asistir pasivamente a unha rápida deslocalización do sector industrial metal-mecánico, sen tomar unha acción decidida que permita equilibrar a apertura de novas unidades de produción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Por en marcha un plan estratéxico do sector metal-mecánico con carácter global que formule actuacións nos seguintes ámbitos:

1. Incremente as dotacións nos diferentes programas de incentivos económicos aprobados, tanto a empresas como a centros de investigación e innovación, revisando as condicións de concesión e vinculándoas ás garantías de estabilidade das empresas e as condicións laborais.
2. Desenvolva un programa de fomento do I+D+i privado, coordinado cos centros públicos de investigación, nomeadamente coa Axencia Galega de Innovación (GAIN).
3. Desenvolva plans de formación para ocupados do sector que permitan mellorar as capacidades dos traballadores, e polo tanto a capacidade competitiva do sector.
4. Desenvolva plans de formación para desempregados que permitan a existencia de bolsas de traballadores coa formación axeitada para o sector.
5. Desenvolva plans específicos de FP-Dual que permita vincular a formación recibida polos alumnos ás necesidades formativas do sector metal-mecánico.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 10:49
Nº Rexistro: 38800
Data envío: 16/10/2018 10:49:25.171

Data envío: 18/10/2018 09:50:31.773

Diego Calvo Pouso na data 18/10/2018 09:38:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 11:33
Nº Rexistro: 39022
Data envío: 18/10/2018 11:33:49.964

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao galego na Xustiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 7 o dereito de uso do galego na administración de xustiza, a validez das actuacións xudiciais e o dereito de notificación na lingua oficial que se elixa. Asemade, determina que a Xunta de Galiza debe promover a progresiva normalización da lingua galega na administración de xustiza.

Xa pasaron 35 anos desde a aprobación da Lei de normalización lingüística e o galego segue a ter unha presenza marxinal e absolutamente minoritaria na administración de xustiza. Os factores que explican esta situación son diversos, mais hai que ter en conta que no estado español segue vixente un marco legal discriminatorio para o galego, derivado da Constitución, da Lei Orgánica do Poder Xudicial e da propia Lei de Normalización Lingüística.

Malia a existencia dun marco legal discriminatorio, é posíbel establecer plans e medidas que permitan avances na presenza da lingua propia no ámbito da xustiza. No caso de Galiza, no ano 2004 aprobouse o Plan Xeral de Normalización do uso do



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 11:33
Nº Rexistro: 39022
Data envío: 18/10/2018 11:33:49.964

galego, mais os seus resultados foron cativos e os incumprimentos notorios. A realidade é que a maior parte das medidas contempladas neste Plan non se cumpriron.

Entre outros aspectos a ter en conta cabe sinalar a baixa porcentaxe de resolución xudiciais en galego (por debaixo do 5%), a insuficiente capacitación do persoal en canto ao coñecemento do noso idioma ou a inexistencia de programas informáticos que favorezan o uso da lingua galega. Así, os programas de xestión interna do sistema xurídico impiden na práctica que os soportes documentais dos procedementos xudiciais se leven a termo en galego, de forma que quen opte por empregar o idioma propio ve multiplicada a súa carga de traballo.

A maiores, constátanse ineficiencias no funcionamento dos equipos lingüísticos da administración de xustiza, que centran o seu traballo en tarefas de corrección e tradución de textos deixando de lado as función de dinamización e normalización.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a desenvolver no prazo máximo de 1 ano as seguintes medidas contempladas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega do ano 2004:

1. Elaborar un programa de normalización específico, en colaboración co Ministerio de Xustiza, e establecer un órgano de referencia.
2. Fomentar o uso do galego por medio de medidas de promoción profesional e prestixio dos funcionarios que a vaian usando.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Verter ao galego os programas informáticos de xestión e os formularios de uso cotián e garantir a súa presenza en todos os órganos xudiciais de Galicia.

4. Diseñar campañas de información sobre os dereitos lingüísticos dos cidadás nas súas relacións coa Administración de xustiza.

5. Establecer que nos tribunais de xustiza, antes do inicio de calquera procedemento, se pregunte de oficio cal é a lingua habitual do cidadán e que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental.”

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 11:33
Nº Rexistro: 39022
Data envío: 18/10/2018 11:33:49.964

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 11:33:18

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 11:33:22

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 11:33:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 11:33:25

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 11:33:27

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 11:33:29

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, publicado no DOG do 6 de febreiro de 2007, regulou o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, substituindo a normativa anterior que databa, aínda que con modificacións, do ano 1984 xa que este servizo complementario viña regulado polo Decreto 16/1984.

Esa normativa, o Decreto 10/2007, xustificouse sobre a base de que a realidade social demandaba das administracións públicas unha nova regulamentación do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos, especialmente para garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade, en especial entre homes e mulleres, e solidariedade.

Menos dun mes despois, o día 5 de marzo de 2007, publicábase no DOG a Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que desenvolvía o Decreto 10/2007.

O día 13 de agosto de 2013 publícase no DOG o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, que na súa exposición de motivos expón que a consellería, consciente dos cambios socioeconómicos operados na sociedade galega que demanda medidas concretas en materia de conciliación da vida laboral e familiar, pretende pór en marcha un plan en materia de comedores escolares que, co obxectivo de dar resposta á demanda social de prestación do servizo existente, de xeito gradual acade, entre outros, o obxectivo de implicar na xestión do servizo, mediante as fórmulas de cooperación e colaboración previstas no marco xurídico actual, a totalidade de administracións públicas con competencias concorrentes neste eido, os colectivos e asociacións afectados e, en definitiva, as propias familias.

Este novo marco normativo carece do necesario desenvolvemento o que está dando lugar a que se veña aplicando a Orde do 21 de febreiro de 2007 que, como é obvio, corresponde a un marco distinto ao do Decreto 132/2013.

Podemos ver que no artigo 2º do Decreto 10/2007 se establecen as modalidades de prestación do servizo que son distintas ás que se establecen no artigo 2º do Decreto 132/2013 modalidades de xestión do servizo de comedor escolar; así, o artigo 2º.3 do Decreto 10/2007 considera unha excepción a colaboración da Administración educativa con concellos, deputacións ou outras institucións públicas ou privadas, así como con outras entidades ou colectivos, como poden ser as asociación de nais e pais de alumnos e as súas federacións, mentres que o artigo 2º.1.e do Decreto 132/2007 establece como unha modalidade a xestión do comedor escolar por entidades privadas sen ánimo de lucro, responsables da contratación e xestión integral do servizo, autorizadas para o efecto pola consellería competente en materia de educación, como poden ser as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións con que esta, se é o caso, poderá establecer fórmulas de colaboración mutua.

Por parte da Federación das ANPA de centros públicos da provincia de Pontevedra (FANPA) solicitouse autorización para poñer en funcionamento un servizo de comedor escolar no IES Sánchez Cantón de Pontevedra, solicitude que foi denegada sobre a base de que o consello escolar deste centro acordou non aceptar esa proposta.

Simultaneamente, atopámonos con que outro centro, o CEP Campolongo, está disposto a acoller no seu comedor a exalumnos do centro que cursan os estudos de educación secundaria obrigatoria noutros centros, circunstancia prevista pola Administración tanto na Instrución 1/2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2018-2019 (no seu apartado 8º) como na Instrución 2/2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2018-2019 (no seu apartado 9º), sobre o uso do comedor escolar por alumnado procedente doutros centros.

Vemos que con estes dous exemplos a resposta dos centros determina o funcionamento ou non dun servizo que a propia Administración considera esencial.

Con independencia da resolución que no ámbito administrativo ou contencioso-administrativo se produza do recurso interposto pola FANPA ante a resposta negativa da Administración á súa pretensión de poñer en funcionamento un servizo de comedor escolar no IES Sánchez Cantón, atopámonos ante un feito que supón a imposibilidade de dar cumprimento a unha posibilidade contemplada na Lei por inadecuación do marco normativo de desenvolvemento, ao aplicar unha normativa que contempla como excepción algo que xa non o é.

Parece pois necesario, a xuízo deste grupo parlamentario, que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional regule o desenvolvemento do Decreto 132/2013 para que non se produzan situacións como a descrita en Pontevedra. Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desenvolver, antes do remate do curso 2018/2019, o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/10/2018 13:25:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 18/10/2018 13:25:20

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/10/2018 13:25:33

María Luisa Pierres López na data 18/10/2018 13:25:40



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na Comisión 4.^a, relativa á validez dos títulos universitarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha investigación de El Confidencial publicada hai uns días recollía que máis de vinte universidades viñan expedindo títulos universitarios pouco garantistas e doadamente falsificables. É dicir, que tras realizar diversas análises de organismos públicos púidose concluír que certas universidades entregan ás estudantes titulacións que non se axustan aos parámetros legais de durabilidade e seguridade. O problema de fondo é o aforro de custes por parte das empresas contratadas que incumpren os pregos de contratación. A principal deficiencia detectada foi que os títulos entregados non están impresos con tinta 'offset' —que se absorbe no soporte de papel, o que a fai imborrable, pero é máis cara—, senón con tinta de inxección ou 'inkjet'; e no contén pares de cores metaméricos que impiden a súa reprodución con fotocopiadoras e que os diferencian en función do contraste da fonte de iluminación.

Entre os casos detectados destaca o da Universidade de Santiago de Compostela, que xa tiña detectado problemas na expedición de títulos no ano 2016 que levaron a rescindir o contrato coa concesionaria.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a certificar que os títulos, tanto universitarios como non universitarios, compren coa lexislación vixente.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 18/10/2018 13:27:47

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/10/2018 13:27:56

Luis Villares Naveira na data 18/10/2018 13:29:11

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O peirao de Tupide, en Foz, que serve de porto deportivo, precisa unha mellora integral para garantir boas condicións de abrigo.

As embarcacións instaladas no mesmo, que pagan as correspondentes taxas polo atraque, sofren estragos durante os temporais, optando mesmo por subir a terra as lanchas ou trasladalas ao porto pesqueiro. Deste xeito, a dragaxe dos fondos mariños na ría foi fundamental, pero tamén se precisa dragaxe no propio porto e, por outra parte, a Asociación A Ribeira, de Foz, tamén ten presentado ante a Consellería do Mar unha proposta de mellora do porto de Tupide, consistente en modificar o espigón, de xeito que, ademais, melloraría a seguridade da praia de Tupide, pois actualmente as embarcacións acceden ao porto por diante da praia, con situacións de perigo para bañistas.

A Consellería do Mar comprometeuse, na primavera de 2017, coa asociación de Foz a facer os estudos necesarios para acometer ditas melloras, pero non se pronuncia especificamente sobre o cronograma previsto para estas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a presentar, antes de tres meses, un proxecto, acompañado de cronograma e partidas orzamentarias, para acometer unha mellora integral do peirao de Tupide, en Foz, que contemple o dragado do porto, a mellora das condicións de abrigo do mesmo e unha mellora na seguridade.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 18/10/2018 16:38:22

Luis Villares Naveira na data 18/10/2018 16:38:30

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa á protección do Mosteiro de Oia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai unha Historia coñecida.

O Mosteiro é un emblema do Concello (representado no escudo) e de toda a comarca. Algúns autores xa falan da súa existencia en tempos de Martiño de Dumio no século VI e outros atribúen a súa fundación a san Froitoso de Braga un século máis tarde. No século XII hai referencias a unha comunidade monástica, pero é no 1137 cando ten lugar a súa fundación, para logo incorporarse á Orde do Císter no ano 1185. Após a desamortización de Mendizábal, o Estado fai unha poxa pública do mosteiro en lotes e a igrexa pasa a ser parroquial. O século XX supón un constante cambio de mans. O Mosteiro e BIC dende o ano 1931.

Até 2004, ano no que o complexo recae no seu actual propietario, a navieira Vasco Galega e Consignacións, con anos de actividade no sector do transporte e na distribución de mercadorías, tras comprarllo en 2004 por 2,4 millóns € ao Banco Pastor (entidade que, co visto e prace do Goberno de Manuel Fraga no ano 2000, proxectara un hotel de 5 estrelas e un centro termal no mosteiro). Pasados 13 anos, esta mercantil, mudou de nome a Kaleido Ideas & Logistics, mais o mosteiro, lonxe de evolucionar, sufriu unha deterioración palpábel.

No 2005 créase Residencial Mosteiro de Oia, S.A., promotora do proxecto hoteleiro, residencial e turístico. A entidade asegura que o principal obxectivo



pasa pola restauración, rehabilitación e posta en valor do conxunto monacal e da súa contorna. “Formúlase a instalación dun complexo hostaleiro composto por un hotel de 4 estrelas cunha capacidade aproximada de 72 cuartos e mil metros cadrados de salóns para celebracións e eventos localizados no cenobio”, afirma a empresa, “recóllese tamén a construción de “150 prazas de aparcadoiro exteriores para uso de visitantes e clientes”. Aparellado a este proxecto, prevese instalar un centro de talasoterapia “e a posibilidade de desenvolver nos terreos do ámbito de actuación unha serie de edificacións de uso hoteleiro e/ou residencial cuxa tipoloxía e desenvolvemento terán relación coa trama do lugar. A intención é ser un elemento que a complete e non un elemento que agreda”. O proxecto está paralizado, así como os procesos urbanísticos destinados a súa rehabilitación como complexo hostaleiro e residencial.

A veciñanza, testemuña do deterioro, ven reclamando desde hai anos que se cumpra a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia e que se garanta a conservación deste monumento.

Denuncian o incumprimento desta lei e a lamentable situación na que se atopa o mosteiro, a non restauración das dependencias do mosteiro e da antiga igrexa monacal, necesitada tamén de atención, fan perigar o conxunto dos edificios.

Ademais, arredor deste ben de interese cultural do Mosteiro de Oia, hai unha historia silenciada: foi campo de concentración e represión.

Falar de Santa María de Oia é falar tamén do tempo e da ausencia.

Santa María foi campo de concentración no ano 1937 (entre 3.500 e 5.000 persoas presas sufriron a represión entre as súas paredes). Un dos eixes do terror imposto para asoballar á oposición, xa que a súa finalidade era a persecución, illamento, castigo, humillación e difamación da disidencia, así como a re-socialización nos valores del “Nuevo Estado”. O seu obxecto non eran só o



exército republicano, senón tamén os partidos políticos, sindicatos ou intelectuais “desafectos”.

O pasado faise presente non só coa representación da realidade, a través da memoria dunha actividade oculta da que coñecemos dalgunha testemuña. A historia silenciada, si. A “Cartografía da represión franquista” alimenta as nosas conciencias. Este lugar acumulou unha enorme carga histórica e trágica. A presenza nas paredes dalgunhas estancias de grafitos correspondentes a esta época, testemuña única, que merece ser preservada.

As chuvias de decembro de 2017, produciron un importante burato na parte norte do teito do Mosteiro, deteriorando máis este Ben de Interese Cultural.

A lei de patrimonio cultural de Galicia recolle no artigo 2 a competencia exclusiva da Xunta de Galicia sobre o patrimonio cultural de Galicia, a cooperación interadministrativa, e a protección do patrimonio por parte dos poderes públicos, colaboración que se recolle amplamente no artigo 3.1.a), b), e c) de dita lei que esixe a salvagarda do patrimonio, o fomento da protección e recuperación, a adopción de medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens nos que perigue a integridade ou o seu valor, e a comunicación á Xunta de calquera ameaza, perturbación, ou dano do valor cultural que tales bens sufran. Ademais, establécense as obrigas para os concellos (artigos 33.2, 35.5, 37.2 nos que estean radicados os bens e os propietarios dos mesmos existe na conservación do ben (artigo 32 e 37) e á administración velar para que se faga de forma efectiva (artigo 33).

Ademais, desde o verán incúmprese o réxime de visitas, que obriga a abrir catro veces ao mes este conxunto de Oia, de estilo cisterciense e emprazamento único á veira do Atlántico. Constátase o desleixo que está levando ao colapso do cenobio.



Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta a :

- 1.- Adoptar as medidas cautelares urxentes para a salvagarda, reparación do lousado e paredes do Mosteiro de Oia, así como outros elementos, segundo os artigos 3.1.b) e 33 da lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia.
- 2.- Adoptar as medidas tendentes ao cumprimento do dereito de acceso da cidadanía ao Mosteiro de Oia, segundo o recollido nos artigos 5.1 e 48 da lei 5/2016.
- 3.- Esixir á propietaria do Mosteiro de Oia a reparación da cuberta e rehabilitación integral do conxunto monacal Mosteiro de Oia.
- 4.- Inspeccionar e no seu sancionar, pola situación de incumprimento do deber de protección e conservación do Mosteiro de Oia, aos propietarios.
- 5.- Examinar, en último caso, a posibilidade de expropiar o cenobio cisterciense e/ou o conxunto do Mosteiro de Oia para a súa conservación e restauración integral e a súa reversión para o público.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/10/2018 16:46:14

Luca Chao Pérez na data 18/10/2018 16:46:20

Luis Villares Naveira na data 18/10/2018 16:46:38

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 6.^a, relativa a información aos consumidores sobre tarifas eléctricas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ausencia de información das e dos consumidores galegos de electricidade e unha realidade evidente, aínda que o Goberno Galego segue a negala, rexeitando todas as iniciativas deste grupo para desenvolver campañas e iniciativas para darlle solución.

Ante a inacción do Goberno da Xunta, En Marea puxo en marcha unha campaña informativa por todo o país. Despois de moitas reunións, que están a ter unha grande receptividade e interese pola cidadanía, evidéncianse estas situacións:

- O 80% das persoas que acoden ás charlas informativas descoñecen que contrato e tarifa teñen nos seus fogares.
- O 90% descoñecen se están abonados ao mercado regulado ou ao mercado libre.
- O 80% descoñecen as vantaxes de ter contratada a tarifa de discriminación horaria.
- Case o 100% das persoas descoñecen se a potencia contratada é a adecuada para o seu fogar, aceptando a que a compañía comercializadora lles propoñe.



Aínda que as medidas mais importantes para baixar o recibo da luz van moito mais alá de ter a potencia e a tarifa adecuada, e En Marea xa ben de plantexar moitas actuacións nese senso, facelo pode supoñer aforros importantes ao ano para case todos os consumidores.

A negativa do Goberno a desenvolver activas campañas e puntos de información para solucionar esta carencia de información supón un coste engadido para as familias de decenas de millóns de euros ao ano, como explicaremos máis adiante, e supón un traslado desas rendas dos petos dos consumidores cara aos beneficios ilexítimos das eléctricas. Todo elo co beneplácito do Goberno da Xunta.

Tendo en conta que en Galicia hai aproximadamente 1,8 millóns de abonados domésticos a electricidade os extracostes por non ter o contrato e a tarifa adecuados, poden estimarse nestes montantes económicos:

- Da información obtida nas reunións desenvoltas por todo o País, indúcese que entre un 30% e un 40% dos fogares teñen contratada unha potencia superior a que precisan. Tendo en conta que a baixada dun nivel de potencia supón un aforro anual de 52 €, estaríamos a falar dun extracoste para os fogares de entre 28 e 37 M€.
- Aproximadamente un 40% dos abonados están no mercado libre, a inmensa maioría deles sen sabelo dadas as enganosas campañas das eléctricas e as fraudulentas denominacións das compañías do mercado libre. Máis do 90% destes fogares saen prexudicados por estar neste mercado libre, nun porcentaxe de incremento do recibo total que estimamos do 9% como mínimo. Isto implica un extracoste en cada familia media duns 75 € ao ano. En total un importe anual en toda Galicia de 50 M€.
- Só un 6% dos fogares teñen contratada a tarifa de discriminación horaria. Os nosos estudos de consumo e hábitos no fogar demostran que a inmensa



maioría, mais de 80%, aforrarían entre un 10% e un 30% na parte correspondente ao consumo de enerxía no recibo. O 20% restante terían un impacto nulo, e dicir contratando a tarifa de discriminación horaria, 2.0 DHA, como moito pagarían o mesmo, podendo con pequenas accións pasar tamén a aforrar algo. Isto implica un aforro medio, aproximado por fogar, de entre 30 e 88 euros ao ano. En total non tomar estas medidas supón para todos os fogares de Galicia un impacto anual de entre 47 e 126 M€.

Resumindo, a falta de información sobre os contratos e as tarifas domésticas de electricidade máis adecuadas teñen un custo para todos os fogares galegos de entre 125 e 213 M€ ao ano. Cartos arrebatados ilexítimamente dos petos das cidadás e cidadáns que acaban en beneficios das eléctricas. Todo elo coa complicidade do Goberno da Xunta de Galicia que non fai nada para que esteamos informados.

Ante todo o exposto, e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Desenvolver a través do Instituto Galego de Consumo accións de información enerxética para conseguir que a cidadanía teña toda a información necesaria para conseguir baixar os seus recibos.
- 2.- Desenvolver iniciativas legais no eido do consumo para obrigar as comercializadoras de electricidade: a informar aos seus abonados se están no mercado libre ou regulado; as consecuencias que elo implica como non poder solicitar o Bono Social; informar do recibo que pagarían de estares na



discriminación horaria; informar da potencia máxima consumida por períodos de tempo.

3.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a modificar os tramos da potencia contratada, fixándoos en incrementos de 0,2 kw.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 18/10/2018 16:42:28

Luis Villares Naveira na data 18/10/2018 16:42:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:06
Nº Rexistro: 39099
Data envío: 18/10/2018 17:06:09.834

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar polo Goberno galego diante do novo regulamento dos fondos FEMP.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego está levando a cabo unha política pesqueira que ten como consecuencias a discriminación e prexuízo constante do sector. Para cambiar a situación debe pasar a defender unha posición galega propia para que se recoñeza o status de Galiza como Zona Altamente Dependente da Pesca no contexto da UE, que evite a discriminación da nosa frota na actual PPC, no acceso aos recursos, na negociación de novos acordos pesqueiros con terceiros países, que busque un incremento de cotas pesqueiras diante da UE, derrogar o Principio de Estabilidade Relativa, paralizar os despeses, impedir o abandeiramento noutros países, a prohibición de pescar determinadas especies, blindar os dereitos da pesca tradicional, evitar a concentración oligopolista, e defender que o reparto de cotas se basee en criterios socioeconómicos vinculados as comunidades costeiras.

Na actualidade está sendo debatido na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo a proposta de reforma do Regulamento relativo aos Fondos Europeos do Mar e da Pesca, FEMP, polo que se derroga o regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:06
Nº Rexistro: 39099
Data envío: 18/10/2018 17:06:09.834

Europeo e máis do Consello. De como quede finalmente este regulamento van depender cuestións moi importantes para o sector pesqueiro galego, en especial para a baixura, para a pesca artesanal.

Por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse á Comisión Europea e á Comisión de Pesca do Parlamento Europeo en demanda da inclusión no Regulamento relativo aos Fondos Europeos do Mar e da Pesca, FEMP, de cuestións prioritarias para o sector en Galiza como son:

O mantemento das contías dos fondos existentes, xa que a redución do volume orzamentario nunha nación pesqueira como a nosa tería un impacto negativo moi forte.

Que teña prioridade o aspecto social, ao igual que o económico e o medio ambiental.

Definición de pesca costeira artesanal baseada non só nos metros (na PPC 2014-2020, baseada só na eslora de 12 metros máximos da embarcación) senón no uso de artes de pesca sustentábeis, na distancia a costa, na pesca de produto fresco, na propiedade da embarcación de tipo familiar ou micro empresa, na tradición pesqueira.

Consideración de diferenza entre acuicultura intensiva de acuicultura extensiva, incluíndo nesta última ao marisqueo a pé e a flote, así como a mitilicultura.

Medidas de apoio ás paradas da flota pesqueira por motivos de tipo climático, accidentes, afectación de acordos pesqueiros, paradas técnicas, etc.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:06
Nº Rexistro: 39099
Data envío: 18/10/2018 17:06:09.834

Exclusión da pesca e flora artesanal de TACs e Cotas.”

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 16:57:07

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 16:57:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 16:57:12

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 16:57:13



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:06
Nº Rexistro: 39099

Data envío: 18/10/2018 17:06:09.834

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 16:57:15

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 16:57:16

Á MESA DO PARLAMENTO


O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A construción da nova cidade deportiva do Real Club Celta de Vigo no monte veciñal e comunal de Tameiga, pertencente ao concello de Mos, Vigo, xunto cun centro comercial de grandes dimensións xerou protestas e mobilizacións entre a veciñanza do lugar e que deu lugar a creación dunha plataforma, que xa se posicionou desde o primeiro momento en contra, tanto do centro comercial como da cidade deportiva.

Así, a primeiros deste ano 2018, as novas daban conta da ocupación que afecta a 820.000 metros cadrados de superficie, das que 240.000 terían uso deportivo, 140.000 a área comercial e 5.000 prazas de aparcadoiro, e 330.000 nas que se construíra mediante reforestación un espazo natural de ocio.

A nova cidade deportiva do Celta tramítase polo concello mediante a modificación puntual do plan de urbanismo. *Fotografía extraída do xornal Faro de Vigo.



Así a maior parte do monte quedaría en mans do Celta de Vigo, que pretende rentabilizar as instalacións deportivas coa construción dun centro comercial unha expropiación por parte dunha entidade privada de terreos a unha comunidade de montes en man común para o seu lucro persoal.

Os grandes centros comerciais afectan de xeito negativo ao pequeno comercio, formado na maior parte por autónomos e pequenas tendas do conxunto da área urbana das zonas colindantes. Así, todas as zonas comerciais de Bouzas, Calvario, Centro de Vigo, Teis, Casco Vello, Universidade e das Travesas da zona se resentirían, e tamén as dos concellos colindantes, amén de causar estragos no medioambiente sobre todo no referente aos recursos forestais da zona, nun proxecto cualificado de “baixo impacto medioambiental e non afección aos recursos hídricos”, é importante sinalar que ambos si que se verían afectados, máxime na construción e mantemento das instalacións deportivas (12 campos de fútbol).

O consumo medio de auga nun campo de fútbol en campo natural require dun caudal medio de 1l/s, por cada hectárea a regar. Este caudal, 1l/s supón 86.4 m3/día e 1m3 = 1.000 litros. Un campo ten aproximadamente 6.000 m2 de área (0,6 has) require 52.000 litros/día. Isto equivale ao consumo diario de auga de 380 persoas.

Nos campos de fútbol de campo artificial require 900 litros, o equivalente ao consumo diario de 7 persoas.



O gasto en auga é evidente. As comunidades de augas de Petelos-Tameiga se han uníronse as de Casal, Sanguñeda e Baxiña. 4 das 6 comunidades de augas xa mostraron a súa oposición á construción da zona comercial do Celta.

Porén, as diferentes instalacións de ocio e deportivas terán que contar con recursos de auga, que xa no ano pasado por estas datas se manifestará insuficiente, nun ano de seca, que serán recorrentes nas zonas máis cálidas como é toda a comarca do sur de Pontevedra.

Ademais destes inconvenientes, sinalar tamén a afección en canto a ruído da zona, posto que se incrementará a afluencia de vehículos, o aumento dos niveis de contaminación no aire e no medio ambiente por extensión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de EN MAREA presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a :

- 1.- Non aprobar a modificación puntual do planeamento do Concello de Mos coa que se pretende facilitar a realización do proxecto deportivo e comercial.
- 2.-Potenciar o pequeno e mediano comercio e a súa conservación e expansión.
- 3.-Manter os terreos coa vocación forestal e de lecer para que funcionalmente faga parte do pulmón verde de Vigo, Mos e a súa área metropolitana
- 4.-Aprobar e publicar a estratexia para a execución da Infraestrutura Verde de Galicia.
- 5.-Aprobar as directrices do paisaxe.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018.



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Antón Sánchez García
Luís Villares Naveira
Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 18/10/2018 17:11:02

Antón Sánchez García na data 18/10/2018 17:11:11

Luis Villares Naveira na data 18/10/2018 17:11:18



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:22
Nº Rexistro: 39109
Data envío: 18/10/2018 17:22:02.074

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O uso de plásticos agrícolas en forma de bolsas, recubrimentos de bolos, lonas de illamento do silos de herba ou millo, invernadoiros, e un longo etcétera, fai que se xere unha grande cantidade de residuos deste material, que ata non hai moitos anos “adornaban” espazos de monte, ríos e regatos do noso rural, ou eran queimados de forma incontrolada, xa que a súa xestión non estaba organizada.

Algúns concellos con explotacións gandeiras, sendo conscientes dos problemas que estaban a producir estes plásticos, optaron por montar servizos de recollida e almacenamento.

Ante esta problemática, a Consellería de Medio Ambiente puxo en marcha un Programa de Recollida de Plástico Agrícola co obxecto de facilitarlle ao sector agrogandeiro unha xestión axeitada.

No marco deste programa os concellos encargábanse da recollida dos plásticos nas granxas, e logo unha empresa contratada pola Consellaría apañaba os plásticos de cada concello e os xestionaba reciclándoos mediante un proceso mecánico para logo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:22
Nº Rexistro: 39109
Data envío: 18/10/2018 17:22:02.074

obter novos plásticos.

Ora ben, hai uns poucos días saltou a alarma de xeito extraoficial e feitas unhas primeiras consultas, fontes xeralmente ben informadas confirmáronnos que a Xunta de Galicia tería a intención de abandonar o Programa e polo tanto deixar de financiar a recolla dos plásticos agrícolas.

Se isto é así estaríamos diante dun serio problema que xeraría unha cadea de prexuízos considerables no rural:

- No mellor dos casos a xestión deste residuo suporía un aumento nos custos de produción das explotacións gandeiras, que xa están demasiado axustados.
- Aumento da presenza deste residuo en nas ribeiras de ríos e regatos, ou nos montes, cun dano medioambiental e paisaxístico considerable.
- Problemas para os concellos, algúns dos cales xa teñen nestes momentos acopiadas máis de 300 Tm deste residuo e que non saberían que facer con eles, pois non é un tipo de residuo de competencia municipal
- As empresas galegas que viñan facendo a recollida quedan sen o marco do programa, co conseguinte atranco económico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:22
Nº Rexistro: 39109
Data envío: 18/10/2018 17:22:02.074

- Renovar o programa de recollida e transporte dos plásticos usados de orixe agrícola tal e como viña facendo ata o de agora.
- Establecer unha liña de axudas aos concellos de vocación agrícola-gandeira para a recollida e o acondicionamento dos puntos de acopio.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 17:17:45

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 17:17:49



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:22
Nº Rexistro: 39109
Data envío: 18/10/2018 17:22:02.074

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 17:17:51

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 17:17:52

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 17:17:54

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 17:17:55



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:27
Nº Rexistro: 39114
Data envío: 18/10/2018 17:27:49.805

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de outubro a empresa Alcoa comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña.

O grupo conta na Coruña con preto de 400 traballadores e traballadoras, polo que a consumación do peche tería un enorme impacto na cidade e na súa contorna, ademais de contribuír á perda de tecido industrial en Galiza.

Unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 50% dos custos de produción. Unha evidencia máis de que a defensa que fai o nacionalismo da necesidade de mudar o sistema de poxas de interrompibilidade por un máis estábel, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país, está de extrema actualidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:27
Nº Rexistro: 39114
Data envío: 18/10/2018 17:27:49.805

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:

1. Solicitar da multinacional a retirada do ERE de extinción de emprego.
2. Promover a constitución dunha mesa de negociación para loitar pola continuidade da empresa na que se dea participación ao cadro de persoal, entidades sociais e administracións comprometidas coa súa permanencia.
3. Negociar un marco enerxético estábel para a industria do noso país que permita unha tarifa eléctrica galega que mellore a nosa competitividade”

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 17:27
Nº Rexistro: 39114
Data envío: 18/10/2018 17:27:49.805

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 17:25:53

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 17:25:58

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 17:25:59

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 17:26:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 17:26:07

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 17:26:10

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.^a**, relativa ao anunciado peche da factoría de Alcoa na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Alcoa, unha empresa que recibiu 1.000 M€ dos petos de toda a cidadanía a través do recibo da luz, para garantir a súa viabilidade non pode dar a espantada.

É imprescindible poñer en marcha de inmediato unha mesa de negociación entre a empresa, os traballadores, os Concellos afectados, a Xunta e o Goberno do Estado. Para elo o primeiro é que Alcoa retire o ERE de extinción.

En Marea presentou no Parlamento e no Congreso en 2016, 2017 e 2018 varias iniciativas para mellorar o sistema e garantir a viabilidade das empresas electrointensivas. Sempre foron rexeitadas polo PP, tanto en Galicia como en Madrid.

O Goberno do PP de Rajoy estivo 6 anos poñendo parches e adxudicou centos de millóns de € a Alcoa sen exixir nin controlar que se investira na mellora das instalacións para facelas máis competitivas. Agora rásganse as vestiduras e tratan de culpar ao Goberno do Estado.

É imprescindible avanzar en novas medidas que dean estabilidade ao sector da industria electrointensiva, para elo un primeiro paso sería a convocatoria e execución inmediata da partida orzamentaria de 2018 de 150 M€ para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva.



Neste eido, En Marea presentou unha PNL no Parlamento de Galicia para que se executara a partida orzamentaria de 2017 tamén de 150 M€ para o mesmo obxectivo. O PP de Galicia votou en contra e non se executou nin un euro. O filibusteirismo político leva agora ao Sr. Feijóo a exixir ao Goberno do Estado o que rexeitou en 2017, abandonando aos traballadores de Alcoa á súa sorte.

Se Alcoa insiste nas súas intencións o Goberno galego e do Estado teñen que demandala para exixir a devolución dos 1.000 M€.

É imprescindible a modificación do sector eléctrico para facer competitiva a toda a industria. A primeira medida sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigarlle a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables. Así mesmo permitírase a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa. Isto podería baixar o prezo do Mwh en máis dun 50%.

É imprescindible condicionar as axudas á industria electrointensiva á mellora tecnolóxica e ao mantemento do emprego. Isto garantiría a súa viabilidade a longo prazo.

Ante todo o exposto e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Realizar as actuacións necesarias ante Alcoa para que retire o ERE de extinción como primeira medida para reconducir a situación.
- 2.- Desenvolver todas as accións necesarias para poñer en marcha de inmediato unha mesa de negociación entre a empresa, os traballadores, os Concellos afectados, a Xunta e o Goberno do Estado.



3.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a convocatoria e execución inmediata da partida orzamentaria de 2018 de 150 M€ para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva.

4.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a condicionar as axudas á industria electrointensiva á mellora tecnolóxica e ao mantemento do emprego. Estas condicións deberían ter unha puntuación nas poxas como mínimo similares ao prezo.

5.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a modificar de maneira inmediata a regulación do sector eléctrico para facer competitiva a toda a industria. A primeira medida sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigar a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables. Así mesmo permitirase a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa.

6.- No caso de que Alcoa insista na súa intención de pechar a factoría de A Coruña, desenvolver os estudos legais necesarios para avaliar a posibilidade de presentar unha demanda á compañía para exixir a devolución das axudas recibidas dada a evidencia que non foron aplicadas aos fins previstos na normativa, garantir a viabilidade da factoría.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea



Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 18/10/2018 17:52:13

Luis Villares Naveira na data 18/10/2018 17:52:22

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Otero Rodríguez, Abel Losada Alvarez, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A empresa Alcoa vén de anunciar o día 17 de outubro o peche das súas plantas de A Coruña e Avilés. Esta medida afectará a 369 persoas traballadoras en Galicia. As razóns esgrimidas pola empresa céntranse nas perdas rexistradas no proceso produtivo. Iniciarán un procedemento de despido colectivo, nas súas plantas, en teoría menos produtivas, debido a problemas estruturais intrínsecos.

A empresa comunicou a súa decisión á Xunta de Galicia e aos sindicatos, e xustifica a súa decisión por razóns técnicas e de custes de produción, sendo o prezo da materia prima e da enerxía os mais relevantes, ademais dunha tecnoloxía menos eficiente.

Ante esta grave situación, os socialistas consideramos que fai falla o compromiso de todos os responsables públicos, do goberno de España, pero tamén dunha Xunta ausente en política industrial, que permita promover unha senda de futuro que permita manter a produción e o emprego na Coruña.

Lamentablemente, non é a primeira vez que a empresa anuncia o peche destas instalacións, xa a finais de 2014, presentou un expediente de regulación de emprego (ERE) de extinción para os cerca de 800 persoas traballadoras da Coruña e Avilés. Despois, en 2016, a multinacional ameazou con vender as súas fábricas. Lamentablemente os gobernos non foron quen nestes dous momentos de dar unha resposta satisfactoria as pretensións da empresa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar todas as xestións pertinentes de cara evitar o peche dos centros de produción que Alcoa ten na nosa Comunidade Autónoma, así como o mantemento dos postos de traballo que a empresa ten en Galicia.

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
Abel Losada Álvarez
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
José Manuel Pérez Seco
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 18/10/2018 18:02:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2018 18:03:07

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2018 18:03:13

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2018 18:03:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:05
Nº Rexistro: 39127
Data envío: 18/10/2018 18:05:17.068

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/10/2018 18:03:23

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2018 18:03:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2018 18:03:33



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:11
Nº Rexistro: 39132
Data envío: 18/10/2018 18:11:56.574

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar diante da situación de conflito do sector de produtos elaborados do mar con procesos de refrixeración e conxelación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector de Elaborados de Produtos do Mar con Procesos de Refrixeración e Conxelación está ubicado fundamentalmente en Galiza, entre o 70 e o 80 % do Estado, afecta a arredor de 7.600 persoas. É un sector altamente feminizado, arredor do 80%, e precarizado. Unhas condicións laborais de baixos salarios, nas escalas básicas situadas no salario mínimo, longas xornadas e moitas dificultades de conciliación.

A esta situación hai que engadir os intentos de introducir instrumentos de precarización no sector como son as ETTs, os falsos autónomos ou as empresas multiservizos.

Desde principios de 2018 @s representantes d@s traballadores levan tentando asinar o convenio, que está caducado hai varios anos, sen que se produzan avances, moi ao contrario a patronal non asiste á mesa de negociación.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:11
Nº Rexistro: 39132
Data envío: 18/10/2018 18:11:56.574

Esta situación prodúcese nun contexto no que o sector mostra uns niveis de facturación, de beneficios, de modernización importantes, que acaban de deixarse patente na feira que a patronal Conxemar acaba de celebrar en Vigo; sendo isto unha evidencia tamén o é que non hai intención de que @s traballadores/as sexan partícipes desa situación favorábel.

@s traballadoras/es demandan un convenio digno un salario que lles permita chegar a fin de mes, e diante da falta de avances na negociación colectiva, están levando a cabo mobilizacións, e no caso de non producirse acordo iniciarán unha folga o día 22 de outubro.

Este sector está fortemente subvencionado por parte da administración, polo que a Xunta de Galiza ten instrumentos para actuar na busca de solucións, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Realizar todas as actuacións precisas diante da patronal, Conxemar, do sector de Elaborados de Produtos do Mar con Procesos de Refrixeración, en aras de que a negociación colectiva para asinar o convenio colectivo do sector se faga realidade á maior brevidade.

Facer valer as cuantiosas axudas públicas que recibe a patronal, Conxemar, para esixir unhas condicións laborais dignas, tanto en salarios como en horarios, así como medidas de conciliación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:11
Nº Rexistro: 39132
Data envío: 18/10/2018 18:11:56.574

Establecer cláusulas sociais nas axudas públicas, que obriguen ás empresas beneficiarias a garantir condicións laborais dignas e respectar o dereito á negociación colectiva.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 18:05:45

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 18:05:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 18:05:53



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:11
Nº Rexistro: 39132
Data envío: 18/10/2018 18:11:56.574

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 18:05:55

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 18:05:56

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 18:05:58



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 10:37
Nº Rexistro: 38702
Data envío: 15/10/2018 10:37:38.097

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á construción do Centro de Saúde de Bouzas.

O compromiso adquirido polo Goberno Galego, a través da Consellaría de Sanidade, para a construción dun centro de saúde en Vigo, en concreto na vila de Bouzas, retrotráese a un proxecto presentado no ano 2010.

Ao longo de todo este tempo non só no fixo nada senón que agora trasládase un novo proxecto reformado que presenta severos recortes fronte ao contemplado no proxecto inicial. Deste xeito, para o BNG resulta inaceptábel que se pase de 1.200 metros cadrados de superficie útil a a pouco máis de 600. Por outro lado as seis consultas de menciña de familia e outras seis de enfermería previstas inicialmente redúcense á metade; por non falar da eliminación do servizo de pediatría e do espazo para dispor de traballadora/or social. Así o goberno do Partido Popular con oito anos de atraso quere deixar agora a Bouzas con medio centro de saúde , e o que é máis grave, sen pediatría e sen servizo de traballo social.

Logo, a intención do Goberno galego de abrir un “minicentro” absolutamente insuficiente na vila de Bouzas está dentro da política xeral de desmantelamento da sanidade pública e nos continuados recortes da atención primaria. Ademais todo apunta a intención do Sergas de aproveitar a apertura do novo centro de saúde de Bouzas para



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 10:37
Nº Rexistro: 38702
Data envío: 15/10/2018 10:37:38.097

proceder ao feche do da rúa López Mora, malia que presta atención a un número importante de persoas.

A veciñanza de Bouzas leva anos a padecer unha atención sanitaria manifestamente mellorábel. Para o BNG o que precisan e merecen as viguesas e vigueses é o contrario do que nos impón o Partido Popular desde a Xunta: máis e mellor sanidade pública e sobre todo unha aposta decidida por mellorar a atención primaria.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsións ten o Goberno galego en canto a prazos, orzamento, dotación e medios do centro de saúde de Bouzas (Vigo)?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 10:37
Nº Rexistro: 38702
Data envío: 15/10/2018 10:37:38.097

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2018 10:34:24

María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2018 10:34:31

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2018 10:34:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/10/2018 10:34:40

Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2018 10:34:42

Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2018 10:34:43

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A construción dunha nova industria láctea en Curtis, revela que as cifras ofrecidas polo presidente da Xunta a poucos días das eleccións do pasado 25 de setembro de 2016, quedaron moi grandes.

A nova industria láctea consistirá nunha planta, dedicada á separación e secado dos diferentes compoñentes do leite e terá unha capacidade para procesar 70.000 toneladas de leite cru ao ano, cifra que queda moi lonxe das 400.000 anunciadas pola Xunta, que salientaba que suporía o procesamento do 17 % dos 2,5 millóns de toneladas que produce Galicia cada ano. A cifra que emprega agora a empresa suporía o 2,8 %.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Cales foron os motivos para que a nova industria láctea en Curtis se reducise a unha quinta parte do prometido?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/10/2018 10:47:16

Raúl Fernández Fernández na data 15/10/2018 10:47:28

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Como sabemos, o turismo representa para Galicia aproximadamente o 11 % do noso PIB e xera o 12 % do emprego da nosa economía. Por iso, ninguén dubida da súa importancia socioeconómica como motor de desenvolvemento galego.

É innegable que o Xacobeo 2021 supón un reto e unha oportunidade para Galicia, por iso, aínda temos que mellorar en diferentes aspectos turísticos. Non obstante, seguindo a estela que levamos non chegaremos nas mellores condicións posibles ao 2021 xa que, existen unha serie de debilidades que se teñen que atallar, como por exemplo: precísase máis investimento e impulso das novas tecnoloxías adaptándose aos novos tipos de turistas ou unha maior investigación das necesidades reais ás que se dirixe o turismo para poderse adiantar ao turismo que virá.

Cremos que é irrenunciable facer unha aposta decidida para aproveitar a grande potencialidade do sector e lograr así un desenvolvemento económico máis estable e con capacidade de xerar emprego de calidade no eido turístico.

Por iso, e baseándonos nas directrices e competencias que ten a Axencia de Turismo de Galicia, como se indica nos puntos 11 e 12 nos que se di literalmente:

“11. Dirixir e coordinar as actuacións relativas ao análises, estudo, coñecemento e estatísticas no campo turístico, así como o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no campo do turismo, sen prexuízo doutros organismos con competencias nestas materias.

12. O impulso da competitividade do sector turístico privado, fomentando a mellora da xestión interna das empresas turísticas, o I+D+i, a cooperación entre empresas e a formación.”

Porén, cremos que non se está a facer o suficiente investimento en I+D+i+T desde a Administración autonómica e poder impulsar así unha mellor competitividade no sector turístico, adaptándoo aos retos actuais do turismo galego, español e internacional.

Por iso, os deputados que asinan preguntan:

Con que medidas está o Goberno galego fomentando programas de I+D+i+T que faciliten a incorporación das empresas turísticas galegas á sociedade do coñecemento?

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/10/2018 10:47:44

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/10/2018 10:49:51

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A situación de precariedade que viven os profesionais da atención primaria de Galicia vén sendo un tema relevante e obxecto de numerosas reivindicacións dos colectivos profesionais, organizacións sindicais, agrupacións cidadás e grupos políticos desde hai varios anos. Nos últimos tempos, o propio Parlamento de Galicia asistiu a debates en comisión e pleno sobre a necesidade de mellorar estas condicións para mellorar así o sistema sanitario de Galicia.

A situación específica dos PAC, con numerosas cuestións a mellorar tanto nas condicións laborais dos profesionais como nas asistencias que inflúen sobre a capacidade dos profesionais de dar o mellor servizo posible (horarios, dotación de recursos materiais e humanos, organización de traballo...), é un aspecto concreto que ten sido analizado de maneira específica.

Existen numerosas ocasións en que o Goberno da Xunta de Galicia ten coñecido as deficiencias, especialmente no referido ao volume de recursos humanos, que existen na atención nos PAC en Galicia. Con todo, a resposta deste Goberno vén sendo sempre a negación do problema e incluso a provocación de conflitos cos membros representantes das reivindicacións dos traballadores e traballadoras dos PAC galegos. Do mesmo xeito, o Grupo Popular no Parlamento de Galicia rexeitou as propostas que se teñen feito de mellora das condicións e aumento de recursos no seo do Parlamento.

O acontecido no día 4 de agosto no PAC da Estrada foi un suceso fatal que retumbou en todo o sistema sanitario galego. O labor desenvolvido polos profesionais do sistema foi insuperable e impecable, tratando de axudar no problema incluso algunha profesional que non estaba sequer no seu horario laboral, a limitación de número do persoal existente foi tamén un problema insuperable. A ausencia de profesionais no PAC da Estrada foi un elemento decisivo para un incidente fatal.

Esta situación debe ser punto e aparte sobre as condicións existentes e sobre a calidade asistencial que recibimos os galegos e as galegas, e permitir abrir un tempo de replanificación sobre os recursos que necesita o sistema sanitario.

Neste sentido, en relación co PAC de Ponteceso, é preciso indicar que hai preocupación pola ausencia do segundo equipo. Este PAC abarca aos concellos de Ponteceso, Laxe e Cabana de Bergantiños, afectado a unha poboación de máis de 13.000 persoas. O PAC atópase a 56 km de distancia do Hospital da Coruña, uns 45 minutos son necesarios para ese desprazamento, e con respecto ao hospital de Cee precísanse 42 minutos para percorrer os 46 km de distancia.

Estas longas distancias poñen de relevo a necesidade dese segundo equipo, xa que as urxencias teñen unha maior relevancia. A isto súmaselle unha poboación envellecida, con dificultades para a mobilidade. Baixo estas condicións, un só equipo asistencial resulta a todas luces insuficiente e provoca demoras de máis de dúas horas sen atención no centro de saúde.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de medida para minimizar os graves inconvenientes derivados da ausencia do segundo equipo no PAC de Ponteceso ante a distancia de máis de 40 km ata o hospital máis próximo?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 15/10/2018 11:34:48

Julio Torrado Quintela na data 15/10/2018 11:35:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 11:35
Nº Rexistro: 38712
Data envío: 15/10/2018 11:35:55.020

Noela Blanco Rodríguez na data 15/10/2018 11:35:11

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

De acordo cos datos do IGE son preto de 1.700 os permisos de marisqueo que había no ano 2017, entre as confrarías da Pobra do Caramiñal, Aguiño (Ribeira), Cabo de Cruz (Boiro), Palmeira (Ribeira), Rianxo, Cambados, Carril (Vilagarcía), O Grove, Portonovo (Sanxenxo), Vilanova Vilaxoán (Vilagración) e a Illa de Arousa. Todos estes permisos afectados polo drástico descenso de produción nos últimos tempos, unha situación da que se veñen laitando ano tras ano, ante o descenso que non parece deterse, senón pola contra, empeorar.

Hai uns días, precisamente un medio facíase eco desta preocupación ante os datos que revelaban que, de acordo coas ultimas mostraxes realizadas, o censo é de unha ameixa por metro cadrado.

Estes datos son alarmantes, con estas producións é evidente que non é posible facer fronte aos custes ocasionados pola actividade, como por exemplo os seguros sociais. Tampouco é posible obter ingresos suficientes para que a actividade sexa un medio de vida digno.

Por todo iso, as deputadas que asinan preguntan:

Cales foron os resultados das mostraxes nos bancos de libre marisqueo realizadas no Bohío durante o mes de outubro?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 11:38
Nº Rexistro: 38717
Data envío: 15/10/2018 11:38:11.362

María Dolores Toja Suárez na data 15/10/2018 11:28:39

Patricia Otero Rodríguez na data 15/10/2018 11:28:50

Á Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para súa resposta oral en Pleno**.

A Marca Artesanía de Galicia é a marca que representa a todos os profesionais que conforman o sector artesan galego. Un distintivo que inclúe produtos de altísima calidade e coidadosamente deseñados polos nosos creadores que implican o bo facer das nosas artesás e artesáns e que levan o selo das nosas raíces, da nosa cultura e da nosa tradición.

Nun momento como o presente, caracterizado por mercados cada vez máis globalizados, a diferenciación é un valor engadido en alza. Un valor que a artesanía galega é quen de acadar grazas aos seus produtos únicos e singulares.

Neste contexto, as obras e obxectos de excepcional calidade producidos e elaborados nos obradoiros dos nosos artesáns, son valorados moi positivamente tanto a nivel nacional como internacional. Sirvan de exemplo os Premios Nacionais recibidos pola Fundación Pública Artesanía de Galicia así como diferentes profesionais e proxectos promovidos na Comunidade galega.

A Marca Artesanía de Galicia, tense convertido nestes últimos anos, nunha das principais fortalezas do sector, contribuíndo notablemente a este bo posicionamento da nosa artesanía, xa que ofrece un distintivo cada vez máis recoñecido dentro e fora das nosas fronteiras, así como nunha ferramenta de impulso e posicionamento dos produtos artesanais nacional e internacionalmente.

Neste eido é no que o Partido Popular de Galicia considera que se debe avanzar e por iso levamos no programa electoral co que conseguimos a confianza maioritaria dos galegos o compromiso de “Consolidación, promoción, difusión e protección da marca ‘Artesanía de Galicia’ como imaxe única do sector artesanal galego”, explicando que “A marca configúrase como garantía de calidade para os consumidores ofrecendo unha

imaxe harmónica, coordinada e representativa dos produtos artesanais galegos en todos os mercados”.

En coherencia co noso programa, o Grupo Popular presentou unha proposición non de lei neste sentido que foi debatida na Comisión 6ª do día 29 de maio de 2018 e que, tras acordo cos restantes grupos, foi aprobada sen votos en contra co seguinte texto: "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a mellorar as súas políticas de impulso do uso da marca Artesanía de Galicia nos establecementos comerciais e na comercialización dixital, coa finalidade de contribuír á súa visibilidade, fidelización e prestixio. Para isto desenvolveranse accións específicas para fomentar a inclusión da marca Artesanía de Galicia nos materiais propios de distribución das e dos artesáns e realizaranse obradoiros formativos para a integración das marcas con criterios de comunicación e publicidade”.

Consideramos que chega agora o momento de coñecer os avances derivados deses mandatos electorais e parlamentarios.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas se están a poñer en marcha dende o Goberno galego para dar cumprimento a proposición non de lei aprobada polo Parlamento de Galicia a proposta do Partido Popular coa finalidade de potenciar a política de consolidación, promoción, difusión e protección da Marca Artesanía de Galicia como imaxe única do sector artesanal galego?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/10/2018 14:04:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Maria Antón Vilasánchez na data 15/10/2018 14:04:31

Moisés Blanco Paradelo na data 15/10/2018 14:04:38

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/10/2018 14:04:45

Marta Novoa Iglesias na data 15/10/2018 14:04:50

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/10/2018 14:04:57

Sandra Vázquez Domínguez na data 15/10/2018 14:05:05

A Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, adquirimos o compromiso de “Adaptar a formación ás necesidades do mercado laboral e as exixencias dos sectores emerxentes e á industria 4.0”.

Un destes sectores é o da automoción. Todos somos conscientes da súa importancia e da necesidade de seguir sumando esforzos para dar unha resposta coordinada ao reto da dixitalización nesta industria para que Galicia prolongue o seu liderado, como pon de manifesto que o 66% da súa facturación corresponde a vendas no exterior, ata acadar a cifra de 5.740 millóns de euros o pasado ano. Este sector ten, ademais, un carácter estratéxico para o conxunto da sociedade galega xa que emprega a 20.800 persoas.

Estamos ante unha industria moi internacionalizada e competitiva na que todos os países están investindo moito diñeiro en tecnoloxía, en innovación e, sobre todo, en formación dos seus traballadores. Para poder seguir sento punteiros neste contexto é fundamental atender os novos perfís profesionais que demandan especificamente as empresas da automoción galega, ademais de acompañalas, como ata o de agora, nos retos de modernización, mellora da produtividade e desenvolvemento da I+D+i.

Así pois, é destacable o novo programa Emprega Automoción do Goberno galego que permitirá a mellora da capacitación de 9.000 traballadores deste sector ata 2020, a través de iniciativas pioneiras como as unidades formativas nas empresas para

desempregados e ocupados ou o bono Emprega Automoción, co que se financiará a formación de novos profesionais con cursos á medida.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas está a poñer en marcha o Goberno Galego para reforzar e mellorar a formación dos traballadores da automoción?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/10/2018 14:10:14

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/10/2018 14:10:22

Maria Antón Vilasánchez na data 15/10/2018 14:10:30

Moisés Blanco Paradelo na data 15/10/2018 14:10:37

Marta Novoa Iglesias na data 15/10/2018 14:10:44

Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/10/2018 14:10:51

Sandra Vázquez Dominguez na data 15/10/2018 14:11:00

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Máis dun terzo dos anuncios de xoguetes que se ven por televisión e que ven por televisión os menores e as menores de idade, conteñen estereotipos de xénero. Un estudio de principios do 2018 do Consell de l'Audiovisual de Catalunya, o CAC, así o revelaba.

O CAC tamén puxo de manifesto que na pasada campaña do Nadal se rexistrou por vez primeira desde 2012 un repunte da publicidade sexista.

O 11 % dos anuncios de xoguetes amosan nenas preocupadas polo seu aspecto físico, con accións como pintar as uñas, facer reflexos de cores no pelo ou aplicar tatuaxes ou cosméticos.

As representacións de estereotipos que apareceron máis frecuentemente foron estereotipos femininos: nena que xoga só con nenas (22,4 %) e nena que xoga con boneca (18,7 %) .

A publicidade establece, tamén, unha relación entre certas tipoloxías de xoguetes e as representacións de estereotipos de só un dos xéneros: as bonecas, accesorios e os xogos de imitación da realidade se vinculan ó xogo das nenas; as autopistas e accesorios, os vehículos en miniatura e os xogos de puntería e habilidade, ó dos nenos.

E contra todo isto loitan nais e pais, educadoras e educadores, mulleres e homes conscientes da influencia dos medios de comunicación e a publicidade na formación dos nenos e nenas como cidadáns e cidadás. Sabemos que os estereotipos que transmiten os medios, especialmente as pantallas, provocan construcións patriarcais machistas e sexistas que logo custa moito de combater e eliminar.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte este Goberno a necesidade de incidir na sensibilización e prevención da instauración dos estereotipos de xénero?

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 15/10/2018 16:07:38

María Dolores Toja Suárez na data 15/10/2018 16:07:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/10/2018 16:07:50

Maria de la Concepción Burgo López na data 15/10/2018 16:07:55

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/10/2018 16:08:00

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/10/2018 16:08:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/10/2018 16:08:09

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O concello de Pereiro de Aguiar (Ourense) ten unha poboación que está en crecemento a respecto do que acontece en moitos concellos da provincia, no ano 1998 tiña 4.673 habitantes cando no 2017 eran xa 6.228, o cal demanda das administracións unha resposta áxil e eficaz ás novas demandas para mellorar a calidade de vida da veciñanza.

No curso escolar actual 2018/2019 a empresa adxudicataria da ruta de transporte escolar nº6 do colexio CPI José García García- Mende, co inicio en Santa Cruz (Nogueira de Ramuín), Armariz, Cebreirós, Cortiñas, Pereiro de Aguiar e Tibias entre outras paradas dispón de 79 usuarios e usuarias entre o alumnado de Educación infantil Primaria, e Secundaria, e alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo, a maioría dos cales son nenos e nenas do Concello de Pereiro de Aguiar.

Todo o alumnado que emprega esta ruta, de acordo coa Instrución 3/2018 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, sobre a xestión do transporte escolar para o curso 2018/2019, son usuarios lexítimos do transporte escolar e gratuíto por pertencer a etapas de escolaridade obrigatoria e cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 quilómetros, utilizando o itinerario máis directo sen desvíos nin rodeos innecesarios, así mesmo, para ser usuario lexítimo do servizo, o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida.

Por outro lado, dita instrución, establece que ao comezo do curso escolar, os servizos provinciais de recursos educativos complementarios da Xunta de Galicia, enviaranlles ás direccións dos centros, unha relación dos vehículos asignados aos contratos de transporte, indicando a súa capacidade o número de matrícula ... coa finalidade de comprobar a correcta execución do servizo (cumprimento correcto do horario de entrada e saída, ruta e paradas...).

Soamente cando circunstancias especiais, debidamente xustificadas aconsellen ampliar os itinerarios existentes, e/ou introducir modificacións, as Xefaturas territoriais elevarán unha proposta á Secretaría Xeral Técnica da Xunta de Galicia.

No curso actual, a empresa adxudicataria de dita ruta de transporte escolar, dispón dun autobús con 55 prazas, número inferior ao de número de usuarios e usuarias lexítimos do servizo, o cal levou a realizar unha dobraxe da ruta, co fin de dar servizo a todos e todas.

Así por exemplo o primeiro traxecto comeza recollendo aos usuarios e usuarias sobre as 07:10 horas na localidade de Santa Cruz (Nogueira de Ramuín), percorrendo o resto de paradas autorizadas, e chegando sobre as 08:25 horas ao colexio (horario de entrada ao centro 09:00 horas). No segundo traxecto regresa pola súa ruta ata a localidade de Cortiñas, e percorre as últimas catro paradas para tentar chegar ás 09:00 horas, o cal supón que para chegar a tempo teña que aumentar a velocidade, incrementándose tamén deste xeito o risco de accidente.

Na recollida á saída do centro tamén existe un dobre percorrido, e obriga a que parte do alumnado teña que esperar case 45 minutos dende a saída do centro, que luns, mércores e venres finaliza ás 15:00 horas e os martes e xoves ás 16:00 horas. Ocasionando graves prexuizos para as familias pois afecta á conciliación, ao alumnado pois afecta ao tempo de estudo, de descanso, de ocio; e aos propios traballadores e traballadoras do centro, que deben ampliar o seu horario laboral para acompañar ao alumnado ata a saída do transporte.

Doutra banda, os municipios do rural de Pereiro de Aguiar, Esgos e Nogueira de Ramuín, cunha poboación estimada de 10.000 habitantes, dos cales preto de 1.200 contan cunha idade inferior ao 16 anos, non dispoñen dun centro público de educación secundaria e bacharelato debéndose desprazar os escolares ata o centro CPI José García García.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Coñece a Xunta de Galicia os problemas aos que se están enfrontando as persoas usuarias da ruta de transporte escolar do CPI José García García de Mende (Ourense)?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/10/2018 16:12:08

Raúl Fernández Fernández na data 15/10/2018 16:12:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/10/2018 16:12:20

Maria de la Concepción Burgo López na data 15/10/2018 16:12:26

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para o súa resposta oral en Pleno**, relativa a información aos consumidores sobre tarifas eléctricas.

A ausencia de información das e dos consumidores galegos de electricidade é unha realidade evidente, aínda que o Goberno galego segue a negala, rexeitando todas as iniciativas deste grupo para desenvolver campañas e iniciativas para darlle solución.

Ante a inacción do Goberno da Xunta, En Marea puxo en marcha unha campaña informativa por todo o País. Despois de moitas reunións que están a ter unha grande receptividade e interese pola cidadanía, evidéncianse estas situacións:

- O 80% das persoas que acoden as charlas informativas descoñecen que contrato e tarifa teñen nos seus fogares.
- O 90% descoñecen se están abonados ao mercado regulado ou ao mercado libre.
- O 80% descoñecen as vantaxes de ter contratada a tarifa de discriminación horaria.
- Case o 100% das persoas descoñecen se a potencia contratada é a adecuada para o seu fogar, aceptando a que a compañía comercializadora lles propoñe.



Aínda que as medidas máis importantes para baixar o recibo da luz van moito mais alá de ter a potencia e a tarifa adecuada, e En Marea xa vén de plantexar moitas actuacións nese senso, facelo pode supoñer aforros importantes ao ano para case todos os consumidores.

A negativa do Goberno a desenvolver activas campañas e puntos de información para solucionar esta carencia de información supón un coste engadido para as familias de decenas de millóns de euros ao ano, como explicaremos mais adiante, e supón un traslado desas rendas dos petos dos consumidores cara aos beneficios ilexítimos das eléctricas. Todo elo co beneplácito do Goberno da Xunta.

Tendo en conta que en Galicia hai aproximadamente 1,8 millóns de abonados domésticos á electricidade, os extracustes, por non ter o contrato e a tarifa adecuados, poden estimarse nestes montantes económicos:

- Da información obtida nas reunións desenvoltas por todo o País, indúcese que entre un 30% e un 40% dos fogares teñen contratada unha potencia superior a que precisan. Tendo en conta que a baixada dun nivel de potencia supón un aforro anual de 52 €, estaríamos a falar dun extracoste para os fogares de entre 28 e 37 M€.
- Aproximadamente un 40% dos abonados están no mercado libre, a inmensa maioría deles sen sabelo dadas as enganosas campañas das eléctricas e as fraudulentas denominacións das compañías do mercado libre. Mais do 90% destes fogares saen prexudicados por estar neste mercado libre, nun porcentaxe de incremento do recibo total que estimamos do 9% como mínimo. Isto implica un extracuste en cada familia media duns 75 € ao ano. En total un importe anual en toda Galicia de 50 M€.
- Só un 6% dos fogares teñen contratada a tarifa de discriminación horaria. Os nosos estudos de consumo e hábitos no fogar demostran que a inmensa



maioría, mais de 80%, aforrarían entre un 10% e un 30% na parte correspondente ao consumo de enerxía no recibo. O 20% restante terían un impacto nulo, e dicir, contratando a tarifa de discriminación horaria, 2.0 DHA, como moito pagarían o mesmo, podendo con pequenas accións pasar tamén a aforrar algo. Isto implica un aforro medio aproximado por fogar de entre 30 e 88 euros ao ano. En total non tomar estas medidas supoñe para todos os fogares de Galicia un impacto anual de entre 47 e 126 M€.

Resumindo, a falta de información sobre os contratos e as tarifas domésticas de electricidade máis adecuadas teñen un custo para todos os fogares galegos de entre 125 e 213 M€ ao ano. Cartos arrebatados ilexítimamente dos petos das cidadás e cidadáns que acaban en beneficios das eléctricas. Todo elo coa complicidade do Goberno da Xunta de Galicia que non fai nada para que esteamos informados.

Ante esta situación, En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que os consumidores teñen información axeitada para elixir o mellor contrato e tarifa de enerxía eléctrica?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 15/10/2018 17:47:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 18:00
Nº Rexistro: 38767
Data envío: 15/10/2018 18:00:18.134

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Na localidade de Bervola do concello de Llanera (Asturias) chegaron a acumularse 41.612m³ de hidróxido de calcio por parte da sociedade Epa Calprin. Este residuo estivo máis de 20 anos á intemperie e sen protección que evitase a filtración ó solo. Houbo numerosos expedientes sancionadores ata que o Principado de Asturias denunciou a situación á Fiscalía e en marzo de 1999 foi condenado o promotor, coma responsable dun delito contra o medio ambiente, á retirada do depósito e limpeza do terreo.

A sociedade desapareceu e os seus bens tamén e a Fiscalía requiriu o cumprimento da sentenza ó Principado que en 2016 contratou a Cogersa para a retirada dunha primeira partida de 8.300 Tm.

Ante a imposibilidade de valorizar estes residuos desde esta empresa, estes foron levados ó vertedoiro de residuos perigosos de complexo de Serín.

Logo o Principado de Asturias sacou un concurso e adxudicou o contrato á mercantil CESPA Gestión de Residuos SA do grupo Ferrovial, para traballos de carga, transporte e entrega ó xestor autorizado dos residuos pra operacións de valorización do acopio de hidróxido de calcio situado na antiga EPA CALPRIN e o acondicionamento



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 18:00
Nº Rexistro: 38767
Data envío: 15/10/2018 18:00:18.134

final na Bervola nun prazo de 38 meses desde o 16-11-2017 por un importe de 1.596.657 euros.

O curioso da valorización deste residuo é que a primeiras toneladas deste material 8300, ó parecer, están sendo regaladas pola sociedade CESPAS Gestión de Residuos SA do grupo Ferrovial a agricultores galegos para uso agrícola sen lles advertir da súa procedencia e o risco que poida supoñer este residuo perigoso. Negocio redondo.

Ó mesmo tempo, e dende hai xa varios anos, estase utilizando coma fertilizante por algúns agricultores, especialmente nas terras adicadas a millo forraxeiro dalgunhas zonas, lodos e lamas procedentes de Edares.

Cóstanos a falta de información sobre o uso correcto dos mesmos por parte da maioría de agricultores, dos concellos e dos cidadáns en xeral. O altísimo contido destas lamas en metais pesados e outras substancias potencialmente tóxicas, o seu uso descontrolado e a falta de seguimento e control por parte das administracións, a posible contaminación de acuíferos, ríos e regatos, lévanos a formular a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Fai a Xunta de Galiza algún tipo de inspección e control sobre o uso de lamas de depuración e as consecuencias que pode xerar na saúde das terras e das augas dos territorios onde se usan coma fertilizante?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 18:00
Nº Rexistro: 38767
Data envío: 15/10/2018 18:00:18.134

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/10/2018 17:57:07

María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2018 17:57:13

Ana Pontón Mondelo na data 15/10/2018 17:57:14

Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2018 17:57:16

Noa Presas Bergantiños na data 15/10/2018 17:57:18

Xosé Luis Bará Torres na data 15/10/2018 17:57:19

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sanchez García e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As explotacións que se creen de novo ou que realicen modificacións sustanciais nas súas instalacións e teñan mais dos animais que se indican a continuación están sometidos a Evaluación de Incidencia Ambiental (autorización da Consellería de Medio Ambiente):

Catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental:

Instalacións de gandaría intensiva coas seguintes capacidades:

- a) Entre 1.000 e 40.000 prazas de galiñas poñedoras*
- b) Entre 1.000 e 55.000 prazas de polos.*
- c) Entre 50 e 2.000 prazas de porcos de engorde.*
- d) Entre 25 e 750 prazas de porcos de cría.*
- e) Entre 50 e 300 prazas para vacún de leite.*
- f) Entre 75 e 600 prazas para vacún de cebo.*
- g) Entre 1.000 e 20.000 prazas para coellos.*



As explotacións, cada vez máis numerosas, que superen as dimensións descritas, están sometidas a Estudio de Impacto Ambiental Ordinario ou Simplificado ou a Autorización Ambiental Integrada.

Nas últimas semanas tivemos coñecemento de que varias explotacións que están a tramitar plans de mellora corren o risco de non poder acceder ás subvencións que axuden a financiar os investimentos debido ao retraso na aprobación do trámite ambiental por parte da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que é o organismo competente nesta materia.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Estáanse a tramitar con axilidade suficiente os trámites ambientais pertinentes dos proxectos de explotacións gandeiras solicitantes de subvencións para plans de mellora?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 15/10/2018 19:49:38



Marcos Cal Ogando na data 15/10/2018 19:49:46

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Atención Temperá está universalmente recoñecida como un conxunto de accións que se orientan cara á prevención e a intervención asistencial dos nenos e nenas que se atopan en situacións de risco ou que presentan algunha discapacidade. Pero, á vez, é un conxunto de intervencións co que se actúa para poder garantir as condicións e a resposta familiar ante estas circunstancias nas diferentes contornas vitais.

En maio de 2000 publicábase o Libro Branco da Atención Temperá, o que supoñía que por primeira vez no noso país se chegara a un consenso científico interdisciplinar das diversas especialidades que conflúen neste campo, coa representación das diferentes Comunidades Autónomas e dos diferentes sectores que inciden no campo da prevención, marcando así un fito histórico. Este é un instrumento rigoroso e indispensable para a comprensión e o desenvolvemento da Atención Temperá, que ademais de contribuír a reforzar o consenso profesional sobre ela, propiciou unha importante expansión que se concretou na posta en marcha de grupos de traballo intersectoriais, e no deseño de plans específicos de Atención Temperá en numerosas comunidades autónomas, incrementáronse os recursos dedicados á intervención temperá, servindo de referencia para a realización de instrumentos técnicos, así como para establecer os plans de formación e especialización profesional.

O marco legal regulatorio en Galicia é, tendo como base legal a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, así como un protocolo de coordinación entre os servizos sanitarios, educativos e sociais asinado no ano 2014.

Sen embargo o escaso esforzo inversor e normativo destes últimos anos, segundo os datos actualizados de recursos dedicados á Atención Temperá de proximidade para nenos e nenas de 0 a 6 anos con problemas educativos, sinala na actualidade unha situación comparativa moi desfavorable para a nosa comunidade autónoma.

Estas carencias teñen reflexo na escasa extensión da rede, xa que trinta anos despois de que se creara o primeiro servizo de proximidade, de 314 concellos, tan so 92 contan cos servizos de Atención Temperá que marca a normativa do ano 2013, ademais a maioría non amosan unha planificación nin a medio nin a longo prazo. Así, por exemplo, os últimos 6 servizos creados veñen de ser subvencionados por un período de dous meses (do 1 de setembro a 31 de outubro de 2018), e o resto funciona con subvencións periódicas por meses (a través do programa operativo do FSE 2014-2020), ou por convenio renovable anualmente (AGAT), sen que a día de hoxe coñezamos algunha previsión de futuro por parte da Xunta de Galicia. Ademais as carencias no desenvolvemento normativo, producen que a rede galega de atención temperá aínda non teña un sistema regulador das instalacións e dotación equilibrada dos equipos conforme a unha planificación rigorosa de necesidades. Desde xeito esta á suceder que un mesmo número de profesionais (o mínimo de 3 que forma cada equipo) atenden por igual unha comarca de 10.000 que unha de 100.000 habitantes.

Esta orde debería tamén dotar dun soporte informático unificado aos servizos. Polo contrario a normativa de subvencións estableceu condicións absurdas para o trámite e xustificación da actividade dos servizos, obrigando aos profesionais a dedicar unha parte do seu tempo a unha tramitación administrativa que en moitas ocasións resulta excesiva e innecesaria.

Ao mesmo tempo, a Comisión Técnica e o Consello Autonómico de Atención Temperá, creados polo Decreto de 2013, están sufrindo unha preocupante inactividade durante estes últimos anos, cando a complexidade e implicación na Atención Temperá dos servizos sociais, educativos e sanitarios debiera dar lugar a unha dinamización e coordinación destes organismos administrativos, así como a desaparición na EGAP do Plan de formación en Atención Temperá (despois das edicións 2015 e 2016), e a falla de continuidade da Axenda de Atención Temperá 2015-2017, con moitos dos seus obxectivos e liñas de actuación a día de hoxe pendentes de cumprimento.

Os trastornos no desenvolvemento teñen gran transcendencia individual, familiar e social, polo que a responsabilidade da Xunta de Galicia debiera ser a de ofrecer unha resposta que evite, no posible, as discriminacións e limitacións subseguintes aos problemas que sofren os nenos e nenas con discapacidade ou con risco de padecelas e as súas familias. O compromiso da nosa sociedade coa protección á infancia, especialmente con aqueles grupos que están en risco de sufrir alteracións no seu desenvolvemento, ademais de ser un expoñente inequívoco de progreso e de solidariedade, ten que involucrar a todos os sectores sociais.

Garántese deste xeito a compensación das desigualdades individuais e o dereito para alcanzar un desenvolvemento evolutivo o máis normalizado posible e unha vida plena e independente.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do funcionamento da rede galega de Atención Temperá?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2018 09:30:41

Julio Torrado Quintela na data 16/10/2018 09:30:46

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Exposición de motivos

O sector de elaborados do mar presenta unhas características socio-laborais moi determinadas, e dende logo moi vulnerables no contexto da recuperación económico desequilibrada na que se atopa a economía no seu conxunto.

Basicamente mulleres, en torno a un 85 % da man de obra, unha parte importante con idades xa elevadas, e con problemas moi variados, salarios baixos, precariedade, problemas graves de saúde laboral, e unha presenza do papel das ETT moi por riba do razoable no ámbito industrial.

Neste contexto de dificultades de carácter laboral, estanse producindo serios atrancos na negociación colectiva do sector de elaborados do mar. Consideramos que a Xunta de Galicia debería de levar adiante algunha iniciativa que axudara a que estas dificultades na negociación entre patronal e sindicatos puideran superarse.

Non parece existir ningunha razón de carácter estritamente económico que xustifique estas situacións laborais, xa que a imaxe que traslada o sector ao exterior é dun éxito produtivo, industrial e mesmo de imaxe moi notable. Ademais estamos falando dun sector que está a recibir cuantiosas axudas públicas procedentes da Xunta de Galicia, parece razoable que a Administración autonómica desenvolva unha actitude proactiva á hora de cooperar na busca de solucións deste problema laboral.

Neste contexto, parece tamén razoable que a Xunta de Galicia condicione a concesión desas axudas ao mantemento do emprego e a mellora das condicións laborais das traballadoras, e por suposto faga un control posterior moito mais estrito.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten mantido a Xunta de Galicia algunha xuntanza coa patronal do sector de elaborados do mar e cos sindicatos en relación coas dificultades na negociación colectiva?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez

José Manuel Pérez Seco

Patricia Otero Rodríguez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/10/2018 09:52:06

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/10/2018 09:52:12

Patricia Otero Rodríguez na data 16/10/2018 09:52:27

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A recuperación económica trae consigo un incremento de contratación industrial, pero o certo é que a crise e a saída da mesma está a mudar de maneira importante as necesidades do mercado de traballo. Lamentablemente, as políticas da Xunta de Galicia neste nove anos, ten sido pouco ambiciosa e ten presentado unha xestión nefasta. Sistemáticas reducións nos orzamentos, no fomento do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo, na formación profesional desempregados e na mellora da cualificación no emprego. E por si foran pouco os recortes, ademais os niveis de execución orzamentaria en algúns casos chegaron a ser verdadeiramente escandalosos.

Os socialistas denunciámos que, coa desculpa da crise económica, os gobernos do Partido Popular tentaron entre 2012 e 2018 mudar o modelo económico, seis anos perdidos para o avance da industrialización de Galicia e de España. Falamos diso que de maneira eufemística se chama “devaluación interna”, é que en realidade trátase de diminuír os custes laborais, e polo tanto, competir internacionalmente vía salarios, e non vía innovación e calidade.

Pero este modelo económico presenta os seus límites con rapidez, diminuír os salarios e os custes laborais, significa poñer un tope moi ríxido as necesidades de mellora na cualificación e da formación continua dos traballadores, de maneira que cando aparecen novas oportunidades de emprego nun período de recuperación, as dificultades de cubrir as necesidades de man do obra son cada vez maiores.

Temos un exemplo actual, na demanda do sector do metal, falamos de fábricas basicamente de compoñentes do sector metal-mecánico, de enerxías renovables e da construción naval, que veñen de manifestar as enormes dificultades que teñen para cubrir as súas necesidades de man de obra. Máis alá do aproveitamento propagandístico, e como non podería ser de outra maneira, a Xunta de Galicia está pendente da súa evolución e procura colaborar nas súas necesidades, pero resulta evidente que non chega. A Xunta de Galicia debería estar máis preocupada e máis activa, na nosa opinión.

É verdade que a competencia no sector metal-mecánico é cada vez máis dura e en moitos segmentos moi dependente dos prezos. Pero como país non podemos aspirar a reter as partes da produción máis intensivas en traballo pouco cualificado, non queremos competir nese mercado; pero tampouco debemos asistir pasivamente a unha rápida deslocalización do sector industrial metal-mecánico, sen tomar unha acción decidida que permita equilibrar a apertura de novas unidades de produción.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

É coñecedora a Xunta de Galicia dos problemas cos que se atopa o sector metal-mecánico en termos de competencia internacional?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/10/2018 10:18:00

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/10/2018 10:18:06

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Exposición de motivos

Recentemente o Ministerio de Industria ten anunciado nunha reunión da Conferencia Sectorial de Industria que as comunidades autónomas decidirán sobre o reparto de 870 millóns de euros para reindustrialización e abrirán un grupo de traballo que debaterá as prioridades de cada unha delas.

Trátase dunha partida orzamentaria para a reindustrialización e o fortalecemento da competitividade industrial que foi desbloqueada polo novo Goberno de España en só tres meses. Ademais as priorizacións serán decididas contando coa opinión dos gobernos autonómicos de forma inédita, xa que ata o de agora era o ministerio que ditaba os usos.

Os socialistas vimos demandando do goberno galego, que leva 9 anos no poder, un plan industrial definido, mais alá de plans estratéxicos xerais que van moito mais alá da industria. Parecíanos necesario no momento da crise, para tentar minimizar os seus efectos no tecido produtivo, pero non puido ser. Consideramos agora que as perspectivas de ralentización do crecemento que tódolos organismos internacionais están anunciando, faise mais necesario que nunca un apoio específico as empresas para levar a cabo a súa reestruturación e relanzamento.

O goberno galego está na obriga de aproveitar e optimizar tódolos fondos procedestes do goberno de España e da Unión Europea para reforzar a nosa posición produtiva no ámbito industrial, tendo en conta ademais que segundo a EPA entre o segundo trimestre de 2017 e o segundo trimestre de 2018, perdemos ocupación no sector. Os cerca de 900 millóns de euros anunciados pola Ministra de Industria, significarían preto de 50 millóns de euros para Galicia.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Presentou a Xunta de Galicia algunha proposta na Conferencia Sectorial de Industria convocada polo goberno de España e que conta cun fondo de 870 millóns de euros para reindustrialización?

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/10/2018 11:25:38

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/10/2018 11:25:44

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a comunidade autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdoble para transformalas en autovías cando o

tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

Dentro da programación existente inicialmente, figuran algunhas agrupadas en áreas metropolitanas; así temos que para a área metropolitana de Pontevedra se contempla a construción de 7,1 km (en actuacións non vinculadas ao Plan xeral correspondente) cun investimento de 10.860.000 € e un horizonte temporal no ano 2015.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que á área metropolitana de Pontevedra se refire, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2015?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 11:46
Nº Rexistro: 38809
Data envío: 16/10/2018 11:46:53.979

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/10/2018 11:44:53

María Luisa Pierres López na data 16/10/2018 11:45:03

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/10/2018 11:45:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38815
Data envío: 16/10/2018 12:12:38.272

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Grazas ás políticas enerxéticas do PP na Xunta e no Estado as galegas e galegos imos pagar unha tarifa eléctrica galega “do revés”. No lugar de vérmonos beneficiadas e beneficiados por producir, imos pagar a factura máis alta do Estado por causa da aplicación das sentenzas en relación aos suplementos territoriais de 2013.

O Goberno español publicou no verán de 2013 o borrador da Orde na que recolle os suplementos territoriais en relación ás peaxes de acceso á enerxía eléctrica e que suporán o pago por parte das persoas consumidoras dos impostos específicos que paguen as empresas eléctricas pola súa produción. De acordo coa memoria económica que acompaña a proposta de Orde publicada polo Goberno español, Galiza sería quen teña que soportar un maior prezo como resultado da imposición deses suplementos. Así as cousas, a contía variará en función do consumo e a potencia contratada.

Nestes meses, non houbo novidades canto aos recursos legais impulsados pola Xunta de Galiza no momento en que se asina a iniciativa. Tamén, desde ese momento volveu haber pronunciamentos do Parlamento galego.

Esta situación é un atentado ao autogoberno galego e unha nova estafa ás galegas e galegos e o reflexo da inacción do Goberno de Feijóo que rexeitou en



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38815
Data envío: 16/10/2018 12:12:38.272

numerosas ocasións as propostas do BNG para recorrer tanto a modificación da normativa eléctrica que converteu en obrigatorio a inclusión nas peaxes eléctricas dos suplementos territoriais aprobada a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, como as Ordes ditadas en aplicación destas.

As medidas do Goberno galego chegaron tarde e teñen sido insuficientes, ademais de non ter emprendido negociación política algunha neste tempo. Así mesmo, o goberno de Pedro Sánchez non amosou ningunha vontade para que as comunidades produtoras non nos vexamos prexudicadas.

Por riba, coñecemos un novo auto do Supremo con data 26/09/2018 que recolle “Fijar el próximo día 30 de noviembre como fecha última para la ejecución solicitada”

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai demandar o Goberno galego do central que asuma as contías precisas para dar cumprimento ás sentenzas referentes aos suplementos territoriais de 2013?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38815
Data envío: 16/10/2018 12:12:38.272

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/10/2018 12:10:17

María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2018 12:10:22

Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2018 12:10:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/10/2018 12:10:25

Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2018 12:10:26

Xosé Luis Bará Torres na data 16/10/2018 12:10:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións da Xunta de Galicia ante os posibles efectos da transición enerxética sobre os concellos de As Pontes e Cerceda-Meirama.

As directivas e normativas da UE, moitas delas xa trasladadas á lexislación española, sobre Transición Enerxética xeran incertidume sobre o futuro das centrais térmicas de carbón de As Pontes e Meirama.

A isto súmase a escalada, que se prevé sega a crecer, das poxas de dereitos de CO2 que complica en gran medida a súa competitividade.

Estas ameazas teñen que ser convertidas en oportunidades, como xa se está a facer en moitas rexións de Alemaña, Francia ou Gran Bretaña, e por elo a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado teñen que intervir de maneira urxente para desenvolver as medidas e dotar os orzamentos para garantir o desenvolvemento futuro, económico, industrial e social dos concellos afectados e as súas comarcas. Non é asumible deixar o futuro destes concellos ao albur dunhas decisións non controlables das empresas eléctricas que xestionan as centrais, compañías controladas por fondos de inversión internacionais que só se rexen pola regra do maior beneficio.

Un informe da OIT di que por cada emprego que se perda pola transición enerxética crearanse 4 de maior calidade. A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado teñen que poñerse a traballar dende xa para que unha parte importante deses empregos poidan crearse nos concellos afectados en Galicia, é dicir As



Pontes e Cerceda. Temos que liderar os plans urxentes para paliar os efectos da transición enerxética para os que haberá importantes fondos estatais e europeos. Pensemos dende xa no futuro de As Pontes e Meirama-Cerceda.

Os chamados contratos da transición enerxética xa levan tempo sendo aplicados en Francia, Alemaña e Gran Bretaña con enorme éxito. Impliquemos neses contratos aos concellos, entidades sociais, sindicais e empresariais para desenvolver plans estratéxicos de desenvolvemento económico e industrial dos concellos de As Pontes e Cerceda-Meirama. Por elo solicitamos a recuperación dos fondos do Plan Miner, paralizados polo goberno do PP no ano 2012, que estimamos en 56 M€ no caso de As Pontes e en máis de 20 M€ no de Cerceda-Meirama.

Asumir a necesidade de cambio e liderar a transición enerxética é imprescindible. Este proceso deuse de maneira exitosa en moitas rexións europeas, e tivo que ver co cambio colectivo na forma de pensar das comarcas afectadas. É necesario apostar por novos sectores económicos, que non só crean emprego local, senón que teñen un impacto directo positivo na vida da comunidade.

Este foi o caso de Loos-en-Gohelle, unha antiga comarca mineira na rexión de Nord-Pas-de-Calais de Francia, cunha poboación de ao redor de 7.000 habitantes. Despois da dedicación exclusiva á minaría de carbón durante máis de 130 anos, a rexión levou a cabo unha reconversión drástica da súa economía e apostou pola economía verde como sector alternativo ao carbón. Entre 1999 e 2009 creáronse 350 novos empregos e a taxa de desemprego é a máis baixa da rexión.

Hai que asumir que é necesario un cambio de rumbo na economía destes concellos. Necesítase un novo modelo de desenvolvemento que mellore o



anterior, que sexa máis sustentable, máis participativo, máis ecolóxico, máis racional.

Hai que asesorar aos colectivos sociais, empresariais e servizos técnicos institucionais no desenvolvemento dunha folla de ruta para estas comarcas baseada na chamada terceira revolución industrial, que ten como alicerces a produción de enerxía limpa e a economía circular.

A toma de decisións participada debe ser a guía deste proceso. Estes debates deben servir para elaborar un diagnóstico e, a partir del, unha estratexia colectiva. Trátase non só de describir o problema senón, moito mais importante, de expor unha solución, en forma de proposta de novo proxecto. Estas propostas poden ser presentadas a diferentes liñas de financiación da Unión Europea e do Estado. Pola súa banda a Xunta de Galicia non pode pórse de perfil a esperar acontecementos e despois poder dicir que non é responsabilidade súa o que poida suceder. Ten que ser proactiva de maneira urxente.

Tamén hai que cambiar o destino dos fondos, que non só deben dedicarse a construír infraestruturas, reenforcándoos en parte a elevar a capacitación técnica das e dos traballadores así como das empresas.

En resumo, todos os indicadores advirten que hai que actuar e que hai que actuar xa.

Ante todo o exposto, En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta en Pleno:



- Ten desenvolto a Xunta de Galicia algunha iniciativa a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria para constituír de inmediato grupos de traballo nos concellos de As Pontes e Cerceda con participación da Administración local, así como de colectivos sociais, medioambientais e empresariais, para desenvolver proxectos e plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativo que transformen en oportunidades, as ameazas que poden supoñer para estes concellos a implantación de políticas de transición enerxética na liña do mercado pola Unión Europea?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 16/10/2018 12:54:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

O Plan Director da Rede Natura (PDRN) aprobado o 27 de marzo de 2014, supuxo o abandono da proposta da Xunta do 2011, mesmo sometida a información pública, de ampliación dos LIC existentes e de creación de novos LIC.

E non se trata só de que Galiza segue sendo das nacións con menor porcentaxe de superficie ocupada por Rede Natura senón que espazos merecentes de ser catalogados como LIC deixaron de estalo, o que supuxo e supón a súa desvalorización a efectos de protección e posta en valor, con especial transcendencia a efectos de clasificación e categorización urbanístico dos terreos e usos prohibidos, autorizables e permitidos dos mesmos.

En efecto, na actualidade Galiza ten 59 LIC, que representan o 11,7% da superficie territorial do noso País; porcentaxe moi inferior á media estatal (23,1%). Nas zonas ZEPA acontece o mesmo (Galiza, 3% da superficie; media estatal 20,1%).

Nas Decisións/resolucións da UE 2004/813/CEE e 2006/613/CEE xa se precisaba a deficiencia e incumprimento da Directiva 92/43 de conservación de hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, polo cal detallaba, e para cada Estado (Anexo II de ditas Decisións) unha serie de especies/tipos de hábitats cubertos insuficientemente polo listado de LIC aprobados.



Dentro do listado de hábitats insuficientemente protexidos por LIC estaban, por exemplo, as breixeiras húmidas atlánticas e os mires de transición (brañas e similares), de especial incidencia na Galiza.

Pois ben, e cos antecedentes das Decisións da UE antes mencionadas, no 2011 a Xunta comeza a tramitación dunha proposta de ampliación da RN, tanto coa ampliación de 28 ¹ dos LIC existentes como pola proposta de 22 ² novos LIC. Dita proposta, aínda coas súas limitacións e omisións de espazos a protexer, supoñía un avance respecto da situación existente, e foi sometida a exposición ao público (por dúas veces) e o goberno da Xunta desistiu expresamente da mesma, aprobando un PDRN no que nin houbo ampliación da delimitación dos LIC existentes nin se aprobaron novos LIC, incumpríndose dese xeito as Decisións da UE respecto da insuficiencia e incumprimento por Galiza da obriga de incrementar a RN en aplicación da Directiva 92/43.

Despois de máis de 3 anos o PP levou, en xuño de 2017, á Comisión 2ª unha proposta para instar á Xunta a "iniciar los trabajos de estudio y documentación para ampliar la Red Natura 2000".

Máis de un ano despois seguimos sen ter novas de sí efectivamente a Xunta de Galicia iniciou algunha acción encamiñada a ampliar a Rede Natura.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Está a acometer algún tipo de xestión conducente a elaborar unha proposta de ampliación da Rede Natura en Galiza?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018.



Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 16/10/2018 13:06:30

Antón Sánchez García na data 16/10/2018 13:06:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A comarca da Barbanza – concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo e Ribeira – ten unha poboación de 66.672 habitantes, dos cales 14.375 teñen máis de 65 anos (datos IGE 2017).

A comarca de Muros – concellos de Carnota e Muros – conta con 12.852 habitantes, 4.179 por riba dos 65 anos.

A comarca de Noia – concellos de Lousame, Noia, Outes e Porto do Son – conta con 33.527 habitantes, dos cales 12.852 teñen máis de 65 anos.

En total, as tres comarcas contan cunha poboación maior de 65 anos de 45.781 persoas.

A rateo recomendada pola OMS en canto a prazas residenciais por cada 100 habitantes maiores é do 5%, o que significaría, no conxunto das comarcas, 2.290 prazas residenciais.

No conxunto das comarcas da Barbanza e de Muros e Noia só hai dous centros residenciais da terceira idade propios da Xunta: o da Pobra do Caramiñal, con 48 prazas, xestionado directamente, e o de Ribeira, con 106 prazas, xestionado por Domus VI. A maiores, só hai recursos privados: as vivendas comunitarias para



persoas maiores en Outes e a residencia privada DomusVI de Noia, con 97 prazas financiadas.

Dende a posta en marcha da residencia da Pobra pola Xunta de Galiza en 1986 no Barbanza non aumentou a oferta pública, malia aumentar a poboación maior e a lista de agarda para este servizo.

En marzo de 2017, o Pleno da Corporación Municipal de Boiro aprobou por unanimidade unha moción en apoio á construción na finca do Pazo de Goiáns dunha residencia de persoas maiores.

O Concello de Boiro está a tramitar unha modificación do PXOM na finca pública do Pazo de Goiáns, para permitir a edificabilidade de 22.000 m², coa finalidade de ubicar nestes terreos a futura residencia, emprazamento que permite a ubicación dun servizo destas características con estándares de alta calidade.

O PP de Boiro pretende utilizar este patrimonio municipal para que un suposto “grupo inversor” execute neles un suposto investimento de 12,5 millóns de euros para a construción dun centro de atención á terceira idade con servizos de asistencia, formación e observatorio xerontolóxico, prometendo 200 prazas de residencia para maiores.

O modelo de prazas privadas de residencias de maiores non é asumible pola maioría das persoas do noso País, custando cada unha delas unha media de 1.500€ ao mes.

As persoas xubiladas de Boiro estiveron recollendo sinaturas, acadando máis de 2700 en apenas tres días, o que amosa o gran interese social por este equipamento.



A Xunta de Galiza, con competencias exclusivas en materia de “asistencia social”, entre a cal se atopa o servizo de atención residencial, debe fornecer ás comarcas de Boiro, Muros e Noia de prazas en residencias de maiores en número suficiente.

Polo exposto, presentase a seguinte Pregunta:

- Vai a Xunta achegar financiamento a un proxecto de residencia de maiores pública en Boiro?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 16/10/2018 13:09:43

Luis Villares Naveira na data 16/10/2018 13:09:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Antón Sánchez García e David Rodríguez Estévez, deputada e deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Co motivo do Día Internacional das Mulleres Rurais que se celebra o día 15 de outubro, a ONU mandou unha mensaxe nítida a prol de mellorar as condicións laborais das traballadoras do campo. “As mulleres rurais constitúen unha cuarta parte da poboación mundial”, lembrou. “Cultivan gran parte dos nosos alimentos, fortalecen as economías e xeran resistencia ao cambio climático”. “Porén, a causa das desigualdades e da discriminación de xénero, en case tódalas medidas de desenvolvemento lles vai peor que aos homes rurais ou ás mulleres das zonas urbanas”. Por esta razón, este ano a ONU está facendo “un chamado en favor da mellora dos servizos públicos, incluídas a atención á saúde, á educación, ás garderías e albergues, dos cales dependen millóns de mulleres rurais, así como das leis, políticas e orzamentos orientados a mellorar os seus medios de vida e benestar”.

En Galicia temos moi presentes as desigualdades de xénero das que fala a ONU. As produtoras galegas reciben un 40% menos de axudas da Política Agraria Común (PAC) que os homes. Os datos son claros. A pesar de que as mulleres son o 57,6% das persoas preceptoras das axudas directas da PAC (16.495 mulleres e 12.147 homes), elas perciben 3.103 euros e eles 5.218. A historia repítese coas axudas para o desenvolvemento rural: o diferencial entre homes e mulleres é do 22,1%. Todo isto sucede, en gran medida, porque as explotacións das mulleres



galegas son máis pequenas, con menos animais e menos base territorial, por tratarse de explotacións cun carácter familiar.

As desigualdades das que estamos a falar non se producen por azar. Acontecen porque a perspectiva de xénero continúa ausente nas estratexias de política agraria, algo que teríamos que mudar dende as institucións se é que de verdade temos a intención de loitar contra o despoboamento do rural.

Reforzar á muller que vive e traballa no campo é fundamental se queremos poñerlle solución á sangría de poboación que padece Galicia. Coas actuais tendencias demográficas, Galicia perderá preto de 139.000 habitantes nos vindeiros 15 anos, situándose nos 2.561.200 habitantes, unha cifra moi semellante a que tínhamos nos anos 70. Nos próximos tres lustros, a nosa poboación retrocederá tres décadas.

A nosa comunidade sitúase con estes datos no cuarto posto das comunidades que máis poboación van perder porcentualmente. So Castela e León (-8,6%), Asturias (-8,5%) e Extremadura (-6,6%) perderán máis xente porcentualmente. En termos absolutos, prevese que Galicia sexa a segunda que máis poboación perda, por detrás de Castela e León, cuxa caída se estima en 206.948 persoas.

Así, é preciso mellorar a situación da muller no rural, en primeiro lugar pola inxustiza que supón, pero tamén polo efecto funesto que ten a desigualdade nas perspectivas demográficas do campo galego. Para facelo, téñense que garantir axudas igualitarias, así como servizos esenciais de sanidade, educación, coidado infantil, aloxamento... que atendan aos problemas específicos de xénero.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



- Que pensa facer a Xunta para mellorar a situación da muller no rural galego?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 16/10/2018 14:06:15

Antón Sánchez García na data 16/10/2018 14:06:27

David Rodríguez Estévez na data 16/10/2018 14:06:34

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Durante o Debate de Estado da Autonomía deste ano 2018 o presidente Núñez Feijoo, anunciou que *“desde o ano que vén Galicia será unha das comunidades con menos impostos para mercar vivenda habitual usada, e a máis barata no caso das persoas mozas, familias numerosas e persoas con discapacidade.”*

Este anuncio non concretado no tempo “desde o ano que vén”, nin nas medidas a aplicar, vai afectar por un lado a aqueles que neste momento venden as súas vivendas e por outro a aqueles que teñen a intención de mercala.

Un anuncio que ten consecuencias e que debería axilizarse unha vez anunciado para non prexudicar a un mercado e sector xa de por si castigado nos últimos anos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera este Goberno que é un acto de responsabilidade a aclaración e aplicación coa máxima urxencia das medidas anunciadas para a compra de vivenda habitual usada?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Abel Losada Álvarez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 16/10/2018 17:45:59

Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2018 17:46:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/10/2018 17:46:09

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/10/2018 17:46:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/10/2018 17:46:17

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/10/2018 17:46:20

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a comunidade autónoma co resto de España e Portugal; así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, cando sexa o caso, de

vías de circulación con deseño desdoblable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a VAP alternativa á PO-531 Pontevedra - Vilagarcía, treito Curro - Baión (enlace coa N-640) cunha lonxitude de 8,8 km, un orzamento de 122.700.000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2015.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a VAP alternativa á PO-531 Pontevedra - Vilagarcía, treito Curro - Baión (enlace coa N-640) se refire, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2015?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/10/2018 19:09:03

María Luisa Pierres López na data 16/10/2018 19:09:09

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/10/2018 19:09:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38851
Data envío: 16/10/2018 19:24:42.690

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as incidencias rexistradas no transporte de escolares do Concello de Láncara após a supresión da liña e o establecemento dunha compartida con pasaxe regular.

A comezos do mes de outubro, alumnado do Concello de Láncara que cursan estudos na cidade de Lugo denunciou publicamente as condicións nas que ten lugar o servizo de transporte.

Un autobús masificado obrigou o estudantado a ir de pé ou sentado no corredor do vehículo o que constitúe un enorme perigo para o conxunto da pasaxe.

A razón de que se tivesen producido estas condicións devén da supresión, após a entrada en vigor do novo Plan de transporte da Xunta de Galiza, do autobús que prestaba o servizo Lugo-Pobra de San Xiao-Láncara-Baralla ás 14.35h e que viña usando, entre outras persoas, o alumnado lancarés que cursa estudos nos institutos da cidade de Lugo.

Desde a supresión da liña das 14.35h, o alumnado de Láncara ten que agardar durante unha hora despois de rematar as aulas (até as 15.30h) cando previamente o servizo coincidía co remate do horario lectivo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38851
Data envío: 16/10/2018 19:24:42.690

A veciñanza do Concello de Láncara, o grupo municipal do BNG na localidade e mesmo o propio Concello, veñen reclamando á Xunta de Galiza que sexa restituída a liña para atender as necesidades da poboación, especialmente a máis nova, así como que as paradas do autobús se produzan no centro da Pobra de San Xiao e non no apeadoiro da LU-536 pola perigosidade que carrega para a veciñanza. A empresa concesionaria sempre rexeitou esta cuestión asegurando que retrasaría a combinación cos servizos ferroviarios porén, xa non hai tren ningún.

Cómpre lembrar que o transporte público nos concellos do rural é fundamental para fixar poboación.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa restituír a liña tendo en conta as condicións nas que se está a producir o transporte e as demandas da veciñanza e o Concello de Láncara?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38851
Data envío: 16/10/2018 19:24:42.690

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2018 19:22:19

María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2018 19:22:27

Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2018 19:22:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/10/2018 19:22:30

Noa Presas Bergantiños na data 16/10/2018 19:22:31

Xosé Luis Bará Torres na data 16/10/2018 19:22:32

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende o ano 2009, menos dun 15 % dos titulados MIR foron contratados polo Sergas, cifra notablemente insuficiente para facer fronte a necesidades como a dispersión territorial e os problemas demográficos. O certo é que unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención da cidadanía. No concello de Forcarei non escapan a este afastamento, á dispersión no territorio, á falla de transporte público, ao envellecemento poboacional e á precariedade na atención primaria.

Xa máis en concreto, no Centro de Saúde de Soutelo de Montes (no concello de Forcarei) viven unha lenta agonía e no de Forcarei non existe ningunha medida de reforzo para as campañas de vacinación e non se cobren as vacacións nin da matrona nin do servizo de pediatría. Como exemplo, no Centro de Saúde de Soutelo de Montes, cando o médico se despraza para atención domiciliaria ou a algunha reunión de traballo ou cando o único facultativo que hai no centro médico ten días para asuntos propios, o centro queda sen persoal e o horario de atención ao público interrómpeuse (neste ano 2018, xa houbo multitude de ocasións nas que o horario foi de 08:00 a 11:00 horas ou de 08:00 a 12:00 horas).

O curioso é que para o Goberno todo está ben. Así, en resposta a este grupo parlamentario de 11 de outubro, di que o horario habitual de atención a pacientes só se interrompeu 4 días non completos ou 12 horas en total. E tamén nos di que se deriva á poboación a centros dunha distancia de 9 quilómetros, descoñecendo absolutamente a demografía e a orografía deste concello.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten que dicir o Goberno da Xunta de Galicia sobre que o servizo sanitario estivese interrompido entre xuño e outubro de 2018?

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/10/2018 12:17:24

Julio Torrado Quintela na data 17/10/2018 12:17:31

Noela Blanco Rodríguez na data 17/10/2018 12:17:36

Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica 2009-2015, coñecido como Plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
